



**NO.RE.BA.**

**GALICIA**

**Tempada 2015-2016**

**Normativa, Regulamentación e Bases  
Competicións Territoriais**

## ÍNDICE

1.	<b>TÍTULO 1</b> <b>ASPECTOS XERAIS</b>	.....
2.	<b>TÍTULO 2</b> <b>NORMAS XERAIS CAMPIONATOS TERRITORIAIS</b>	.....
3.	<b>TÍTULO 3</b> <b>DEPORTE BASE (ALEVÍN, BENXAMÍN)</b>	.....
4.	<b>TÍTULO 4 (ANEXO)</b> <b>BASES COMPETICIÓN TERRITORIAIS</b>	

**TÍTULO 1**  
**ASPECTOS XERAIS**

**ARTIGO**

<b>1</b>	<b>CALENDARIO COMPETICIÓN TERRITORIAIS</b>	.....
<b>2</b>	<b>CALENDARIO COMPETICIÓN ESTATAIS</b>	.....
<b>3</b>	<b>CADRO DE IDADES DOS PARTICIPANTES</b>	.....
<b>4</b>	<b>AUTORIZACIÓN DE COMPETICIÓN</b>	.....
	A. COMPETICIÓN OFICIAIS	.....
	B. COMPETICIÓN AMIGABLES	.....
	C. ENCONTROS AMIGABLES NO ESTRANXEIRO	.....
<b>5</b>	<b>SEGUIMIENTO COMPETICIÓN ORGANIZADAS</b>	
	<b>POLAS DELEGACIÓN</b>	.....
<b>6</b>	<b>DILIXENCIACIÓN DE LICENZAS COMPETICIÓN TERRITORIAIS</b>	.....
	<b>TORNEOS OFICIAIS</b>	.....
<b>8</b>	<b>REQUISITOS PARA A ORGANIZACIÓN DELEGADA</b>	
	<b>DE FASES DE SECTOR, FINAIS OU COMPETICIÓN</b>	
	<b>QUE SE CELEBREN POLO SISTEMA DE CONCENTRACIÓN</b>	.....
<b>9</b>	<b>PARTICIPACIÓN, ASCENSOS/DESCENSOS</b>	.....
<b>10</b>	<b>OBRIGACIÓN DE PARTICIPACIÓN</b>	.....
<b>11</b>	<b>FUSIÓN DE CLUBS CESIÓN DEREITOS DEPORTIVOS</b>	.....
<b>12</b>	<b>CLUBS FILIAIS</b>	.....

# ARTIGO 1

## CALENDARIO DE COMPETICIÓNS TERRITORIAIS

### 1. CATEGORÍA MASCULINA

#### PRIMEIRA DIVISIÓN AUTONÓMICA

Fase Regular	Do 11.10.2015 ao 17.04.2016
Promoción pola Permanencia	22 e 29 de maio de 2016
Copa "Federación Galega":	
Primeira Fase:	Do 20.09.2015 ao 04.10.2015
Fase Final:	30 de abril e 1 de maio de 2016

#### SEGUNDA DIVISIÓN AUTONÓMICA

Fase Regular	Do 25.10.2015 ao 24.04.2016
Promoción pola Ascenso	22 e 29 de maio de 2016
Copa "Federación Galega":	
Primeira Fase:	Do 20.09.2015 ao 18.10.2015
Fase Final:	8 de maio de 2016

#### DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL

<b>Campionato Territorial</b>	
Fase Regular	Do 20.09.2015 ao 13.03.2016
Fase Final	Do 1 ao 3 de abril de 2016
Promoción pola Permanencia	20 de marzo e 3 de abril de 2016
<b>Copa "Federación Galega"</b>	
Primeira Fase:	Do 10.04.2016 ao 15.05.2016
Fase Final:	22 de maio de 2016

#### SEGUNDA DIVISIÓN XUVENIL

<b>Campionato Territorial</b>	
Primeira Fase	Do 27.09.2015 ao 24.01.2016
Segunda Fase	Do 07.02.2016 ao 13.03.2016
Promoción polo Ascenso	20 de marzo e 3 de abril de 2016
<b>Copa "Federación Galega"</b>	Pendente de fixar

## DIVISIÓN DE HONRA CADETE

<b>Campionato Territorial</b>	
Fase Regular	Do 20.09.2015 ao 13.03.2016
Fase Final	Do 20.03.2016 ao 01.05. 2016
Promoción pola Permanencia	20 de marzo e 3 de abril de 2016
<b>Copa “Federación Galega”</b>	
Primeira Fase:	Do 10.04.2016 ao 15.05.2016
Fase Final:	29 de maio de 2016

## SEGUNDA DIVISIÓN CADETE

<b>Campionato Territorial</b>	
Primeira Fase	Do 27.09.2015 ao 24.01.2016
Segunda Fase	Do 31.01.2016 ao 13.03.2016
Promoción polo Ascenso	20 de marzo e 3 de abril de 2016
<b>Copa “Federación Galega”</b>	Pendente de fixar

## DIVISIÓN DE HONRA INFANTIL

<b>Campionato Territorial</b>	
Fase Regular	Do 20.09.2015 ao 13.03.2016
Fase Final	Do 20.03.2016 ao 01.05.2016
Promoción pola Permanencia	20 de marzo e 3 de abril de 2016
<b>Copa “Federación Galega”</b>	
Primeira Fase:	Do 10.04.2016 ao 15.05.2016
Fase Final:	22 de maio de 2016

## SEGUNDA DIVISIÓN INFANTIL

<b>Campionato Territorial</b>	
Primeira Fase	Do 11.10.2015 ao 24.01.2016
Fase Final	Do 31.01.2016 ao 13.03.2016
Promoción polo Ascenso	20 de marzo e 3 de abril de 2016
<b>Copa “Federación Galega”</b>	Pendente de fixar

## 2. CATEGORÍA FEMININA

### PRIMEIRA DIVISIÓN AUTONÓMICA

Campionato Territorial	Do 20.09.2015 ao 03.04.2016
Copa “Federación Galega”	Pendente de fixar

## DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL

Campionato Territorial Copa "Federación Galega"	Do 20.09.2015 ao 06.04.2016 Pendente de fixar
--	--

## DIVISIÓN DE HONRA CADETE

<b>Campionato Territorial</b>	
Fase Regular	Do 27.09.2015 ao 20.03.2016
Fase Final	Do 03.04.2016 ao 01.05.2016
Promoción pola Permanencia	3 e 10 de abril de 2016
<b>Copa "Federación Galega"</b>	
Primeira Fase:	Do 03.04.2016 ao 08.05.2016
Fase Final:	15 de maio de 2016

## SEGUNDA DIVISIÓN CADETE

<b>Campionato Territorial</b>	
Fase Regular	Do 11.10.2015 ao 13.03.2016
Promoción polo Ascenso	3 e 10 de abril de 2016
<b>Copa "Federación Galega"</b>	
Primeira Fase:	Do 03.04.2016 ao 08.05.2016
Fase Final:	15 de maio de 2016

## DIVISIÓN DE HONRA INFANTIL

<b>Campionato Territorial</b>	
Fase Regular	Do 04.10.2015 ao 20.03.2016
Fase Final	Do 03.04.2016 ao 01.05.2016
Promoción pola Permanencia	3 e 10 de abril de 2016
<b>Copa "Federación Galega"</b>	
Primeira Fase:	Do 03.04.2016 ao 08.05.2016
Fase Final:	22 de maio de 2016

## SEGUNDA DIVISIÓN INFANTIL

<b>Campionato Territorial</b>	
Fase Regular	Do 11.10.2015 ao 20.03.2016
Promoción polo Ascenso	3 e 10 de abril de 2016
<b>Copa "Federación Galega"</b>	
Primeira Fase:	Do 03.04.2016 ao 08.05.2016
Fase Final:	22 de maio de 2016

## **ARTIGO 2**

### **CALENDARIO DE COMPETICIÓNS ESTATAIS**

<b>CATEGORÍA</b>	<b>DATAS DE CELEBRACIÓN</b>
2ª División Estatal Masculina Sector	Do 13 ao 15 de maio de 2016
1ª División Estatal Feminina Sector	Do 13 ao 15 de maio de 2016
Xuvenil Masculina e Feminina	Fase Sector: do 22 ao 24 de abril de 2016 Fase Final: do 4 ao 8 de maio de 2016
Cadete Masculina e Feminina	Fase Sector: do 20 ao 22 de maio de 2016 Fase Final: do 1 ao 5 de xuño de 2016
Infantil Masculina e Feminina	Fase Sector: do 27 ao 29 de maio de 2016 Fase Final: do 8 ao 12 de xuño de 2016
Seleccións Territoriais	Do 3 ao 8 de xaneiro de 2016

## **ARTIGO 3**

### **CADRO IDADES DOS PARTICIPANTES EN CADA CATEGORÍA**

#### **MASCULINA / FEMININA**

<b>CATEGORÍA ABSOLUTA SENIOR</b>	Xogadores/as nados ata 1997
<b>CATEGORÍA XUVENIL</b>	Xogadores/as nados en 1998 e 1999
<b>CATEGORÍA CADETE</b>	Xogadores/as nados en 2000 e 2001
<b>CATEGORÍA INFANTIL</b>	Xogadores/as nados en 2002 e 2003
<b>CATEGORÍA ALEVÍN</b>	Xogadores/as nados en 2004 e 2005
<b>CATEGORÍA BENXAMÍN</b>	Xogadores/as nados en 2006, 2007 e 2008

## **ARTIGO 4**

### **AUTORIZACIÓN DE COMPETICIÓNS**

#### **A.- COMPETICIÓNS OFICIAIS**

1 As Competicións oficiais que organicen as Delegacións deberán ser autorizadas polo Comité Territorial de Actividades da F.G.BM.

**2** Para que se poida dar autorización as Competicións de carácter oficial, as Delegacións deberán enviar á Federación Galega de Balonmán (Área de Competicións Territoriais), debidamente cumprimentados os impresos previstos para estas solicitudes, cun prazo mínimo de VINTE DÍAS de antelación ao comezo de calquera das Competicións que organicen.

**3** Ao citado impreso oficial de autorización débense achegar as Bases da Competición e o Calendario previsto. Igualmente debe figurar a sinatura do Delegado ou da persoa responsable das Competicións

**4** Nas Bases de toda Competición deben constar as datas de celebración, equipos participantes, a fórmula de Competición, a normativa e criterios de clasificación, así como as Normas complementarias precisas para clarificar o desenvolvemento dos Campeonatos debéndose acoller ás normas específicas da F.G.BM. para cada competición e categoría.

**5** No prazo dunha semana, despois da recepción da indicada documentación, o Comité Territorial de Actividades comunicará por escrito á Delegación correspondente a autorización oficial ou reparos, se os houbese, sobre a competición solicitada.

**6** O incumprimento do sinalado nos apartados anteriores, poderá motivar a anulación do Campionato.

## **B.- COMPETICIÓN AMIGABLES**

Os Clubs ou Entidades teñen a obriga de solicitar autorización á Federación Galega de Balonmán, para a organización de partidos, torneos ou competicións amistosas nas que participen equipos pertencentes a Delegacións diferentes ou de Categoría Nacional, mediante o impreso creado a tal fin, cun prazo mínimo de **QUINCE (15)** días de antelación ao comezo do mesmo, achegando calendario e bases polo que se rexerá e responsabilizándose das sancións económicas e deportivas a que haxa lugar.

En todo caso, sempre que se celebren partidos ou torneos amistosos, unha vez solicitada a correspondente autorización oficial de celebración dos mesmos, a F.G.BM. notificará dita autorización ao Comité Territorial de Árbitros para que poida efectuar as correspondentes designacións arbitrais.

Será imprescindible a autorización oficial para que o Comité Territorial de Árbitros designe aos colegiados correspondentes, requirimento sen o cal ningún deles poderá dirixir encontro algún.

No caso de que no encontro ou torneo participen equipos da mesma Delegación, a solicitude de autorización presentarse, cos mesmos requirimentos establecidos anteriormente.

A contravención da presente norma será sancionada con multa de ata SEISCENTOS (600) euros á entidade organizadora e de ata TRESCENTOS (300) euros ao resto de equipos participantes.

No caso de partidos ou torneos amistosos de carácter interautonómico ou internacional, atenderase ao exposto polo Artigo 6 do Regulamento de Partidos e Competicións da R.F.E.BM., lembrando que a solicitude á Real Federación Española de Balonmán deberá realizarse ou tramitarse por medio da Federación Galega.

## **C.- ENCONTROS AMIGABLES NO ESTRANXEIRO**

Os Clubs que concerten encontros de carácter amigable fóra do territorio nacional, deberán comunicalo a esta Federación Territorial, a fin de solicitar a pertinente autorización da Real Federación Española de Balonmán.

En dita solicitude, que deberá ser apresentada alomenos con TRINTA DÍAS DE ANTELACIÓN Á DATA DE CELEBRACIÓN DO TORNEO, indicarse:

- NOME DO TORNEO
- LOCALIDADE E PAÍS ONDE SE CELEBRA
- DATAS DE CELEBRACIÓN
- CATEGORÍA DOS XOGADORES PARTICIPANTES
- RELACIÓN NOMINAL DOS MESMOS, INCLUÍNDOS OS OFICIAIS

Esta solicitude é totalmente necesaria para que os xogadores e/ou oficiais se atopen en todo momento acollidos ao Seguro Deportivo Obrigatorio.



A contravención da presente Norma será sancionada cunha multa de ata SEISCENTOS (600) euros aos Clubs participantes.

## **ARTIGO 5**

### **SEGUIMIENTO COMPETICIÓN ORGANIZADAS POLAS DELEGACIONES**

**1** As Delegacións deberán enviar por Telefax ou por correo electrónico a Federación Galega de Balonmán a programación semanal dos partidos organizados por elas. Dita programación debe ser enviada o VENRES anterior á celebración dos xornada.

**2** Dentro da semana seguinte a cada xornada de Competición, as Delegacións, deberán remitir á Federación Galega de Balonmán (Área de Competicións Territoriais), os resultados e clasificacións actualizadas, actas orixinais dos encontros e copia da Acta da xuntanza do Subcomité Territorial de Competición.

Dita documentación deberá enviarse ordenada con arreglo ao Calendario Oficial, por xornadas e grupos.

**3** No prazo máximo de VINTECATRO HORAS a partir da data oficial de finalización de calquera Competición deberá obrar en poder do Comité Territorial de Actividades a clasificación final da mesma.

## **ARTIGO 6**

### **DILIXENCIACIÓN DE LICENZAS COMPETICIÓN TERRITORIAIS**

**1** As licenzas serán dilixenciadas polos Clubs a través da páxina web da Federación Galega de Balonmán.

**2** No caso de non cumprirse os requirimentos indicados no parágrafo anterior ou as formalidades regulamentarias esixidas, non serán aceptadas as licenzas, podendo mesmo chegar á anulación das mesmas.

**3** As licenzas dos adestradores e demais oficiais que interveñan nas Competicións Territoriais, deben cumprir as esixencias de titulación que se especifiquen nas Normas Xerais das Competicións Territoriais.

**4** Os Clubs coidarán de maneira especial o cumprimento dos prazos de carencia do Seguro Deportivo Obrigatorio.

**5 VINTE** (20) días, como mínimo, da data oficial do comezo do Campionato deberá tramitarse a través da páxina web, co número mínimo de xogadores/as e oficiais esixidos e con todos os datos que nela se solicitan, debidamente cumplimentados e presentar na Federación Galega e na Delegación correspondente (únicamente nas competicións por elas organizadas) o seguinte:

**a)** Certificado médico.

**b)** No caso de xogadores contratados, copia do contrato suscrito entre as partes. No caso de se tratar de xogadores non contratados, certificación acreditativa de que o xogador/a non é contratado/a.

**c)** Fotocopia do D.N.I., ou pasaporte no caso de estranxeiros, perfectamente lexible de cada unha das persoas para as que se solicita a licenza.

**d)** Impreso de afiliación ao Seguro Deportivo Obrigatorio ou informe asinado de Xogade

## **ARTIGO 7**

### **TORNEOS OFICIAIS**

Todos os equipos que formalicen a súa inscrición teñen a OBRIGA DE PARTICIPAR no Campeonato Territorial e no Segundo Torneo Oficial que en cada caso se estableza, sendo opcionais o resto de Competicións que se poidan organizar con carácter oficial.

**1** A Área de Competicións Territoriais publicará a principios de cada tempada os Campeonatos e Torneos Complementarios que se van disputar en cada categoría a nivel Territorial.

**2** As Delegacións deberán informar, por escrito, aos seus Clubs dos Torneos Complementarios que pensan organizar en cada Categoría. Igualmente deberán dar conta ao Comité Territorial de Actividades.

**3** Os equipos que non participen no segundo Torneo Oficial, serán sancionados segundo estime en cada caso o Comité de Competición. No entanto, en todos os casos sancionárase con multa de ata SEISCENTOS (600) euros.

## **ARTIGO 8**

### **REQUISITOS PARA A ORGANIZACIÓN DELEGADA DE FASES DE SECTOR, FINAIS E COMPETICIÓN QUE SE CELEBREN POLO SISTEMA DE CONCENTRACIÓN.**

O Club ou entidade que pretenda organizar unha das Competicións que se celebren polo Sistema de Concentración deberá efectuar a solicitude, por escrito, dirixida á Federación Galega de Balonmán e cumprir os seguintes requisitos:

#### **A) Instalacións**

- Pavillón ou pavillóns cubertos para realizar unha planificación racional e adecuada en función do número de equipos participantes e a fórmula de competición.
- Marcador electrónico e servizos de megafonía.
- Pista/s de xogo debidamente marcada/s en todas as súas zonas establecidas nas regras de xogo.
- Mesa de anotador-cronometrador con capacidade para catro persoas.
- Banco de reservas con capacidade para catro oficiais e nove xogadores/as reservas.
- Porterías coa forma e dimensións regulamentarias.
- Rede exterior e interior nas porterías, en bo estado.
- Zona debidamente delimitada e sinalizada para as autoridades.
- Vestiario individual debidamente acondicionado para cada equipo. No caso de que os horarios sexan moi axustados, débese contar con **outros** dous vestiarios para os equipos do seguinte encontro.
- Vestiarios independentes e debidamente acondicionados para os árbitros.
- Acceso directo dos vestiarios ao terreo de xogo coas debidas garantías de seguridade.
- Taboleiro de información e seguimento do Campionato no vestíbulo/s da instalación.
- Persoal responsable da mopa para a limpeza da pista durante o desenvolvemento dos encontros.
- Despacho ou sala para a instalación dunha oficina de Organización do Campionato. O devandito despacho ou sala deberá contar co material de oficina (máquina de escribir, ordenador, fotocopiadora, telefax) e con acceso a internet para o seguimento e información do Campionato.

## **B) Económico - Administrativo**

- Trofeos e obsequios para todos os equipos participantes na Competición.
- Correr cos gastos que ocasionen a utilización das instalacións, arbitrxes e delegado federativo, segundo as tarifas vixentes.
- Auga mineral na pista e nos vestiarios para os equipos. Recipientes adecuados para manter a mesma.
- Realizar a publicidade do torneo. En devandita publicidade debe figurar obrigatoriamente que a organización corresponde á F.G.BM. e ao club ou entidade na que se delegou.
- Servizo médico permanente durante a actividade (atención primaria, ambulancia).
- Protocolo de común acordo coa Federación Galega de Balonmán.

## **C) OUTROS aspectos necesarios (non obrigatorios)**

- Actos de recepción.
- Ofertas de hoteis ou residencias coas debidas garantías de hixiene e salubridade.
- Ofertas de actividades recreativas e culturais que favorezan o coñecemento da zona onde se desenvolve a actividade.
- Cea ou comida oficial para os representantes dos distintos equipos.
- Zona reservada para a posible filmación de vídeos.
- Servizo de información puntual para os medios de difusión locais e autonómicos.

## **ARTIGO 9**

### **PARTICIPACIÓN, ASCENSOS/DESCENSOS**

#### **COMPETICIÓNS TERRITORIAIS**

Non se permite a participación de dous ou máis equipos homónimos ou pertencentes ao mesmo Club dentro dunha mesma competición, polo tanto, se un Club ten dous equipos participantes en Competicións Territoriais, o equipo que milite na categoría inmediata inferior non poderá ascender no caso que lle corresponda pola súa clasificación final, aínda que chegase a clasificarse para iso, ocupando o seu lugar o equipo que lle siga na clasificación xeral. Igual criterio seguirase se se clasifica para a promoción de ascenso.

Por idéntico motivo, se o equipo que toma parte na categoría superior tivese que descender á inferior por motivo da súa clasificación, nesta última categoría soamente poderá permanecer un, agás no caso de que se trate da división ou categoría territorial máis baixa, en cuxo caso poderán permanecer os dous.

No resto das Competicións e dentro da categoría que lle corresponda poderán participar todos aqueles Clubs, Asociacións, Sociedades, Centros de Ensino, que o desexen, sen límite de equipos, pero CON DISTINTA DENOMINACIÓN CADA UN DELES, que tivesen formalizado a súa inscrición en tempo e forma e cumpran todas as Normas e requerimentos establecidos pola F.G.BM. e estean ao corrente do pago de todas as súas débedas. Non poderán participar dous equipos do mesmo Club na División de Honra de calquera categoría, a non ser que só exista unha única categoría, neste caso poderán xogar nesta equipos pertencentes ao mesmo club (con distinta denominación), pero non poderán participap xogadores/as dun equipo noutro equipo, salvo se un deles se clasifica para o Campionato de España.

Todos os equipos participantes en Competicións de ámbito Territorial están obrigados, para a súa inscrición, a cumprimentar e remitir ao Comité Territorial de Actividades o impreso creado a tal fin.

Todos os Clubs participantes en Competicións Territoriais terán que contar cuns Estatutos aprobados e inscritos no Rexistro de Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia. No impreso de solicitude de inscrición deberá figurar o número e data de rexistro dos seus Estatutos.

Os datos consignados na mencionada folia manteranse en vigor a todos os efectos, a non ser modificados polo Comité Territorial de Competición, previa comunicación escrita, con quince (15) días de antelación á súa entrada en vigor.

No NO.RE.BA. - GALICIA - estableceranse anualmente as contías económicas que deberán aboar os participantes en cada Competición e a data límite para o seu pago.

## **ASCENSOS/DESCENSOS**

As Bases específicas de cada Competición establecerán o número de equipos que ascenderán e descenderán de Categoría.

## **ARTIGO 10**

### **OBRIGA DE PARTICIPACIÓN**

**1** Todos os equipos con dereito, en razón da súa clasificación ou categoría, a tomar parte en calquera Competición Oficial, poderán renunciar antes do 15 de Xullo mediante escrito presentado na Federación Galega de Balonmán.

**2** Entenderase contraída a obriga de xogar a Competición Territorial en todas as súas Fases e no grupo que lle corresponda en función da súa clasificación e o Segundo Torneo Oficial, aprobado pola Asemblea Xeral Ordinaria da FGBM., por parte de todos os equipos se non efectúan a renuncia en tempo e forma.

**3** Cando un equipo renuncie, en tempo e forma, a participar ou cando se produzan vacantes en calquera Competición Territorial, atenderase ao seguinte cadro de criterios, para determinar quen debe ocupar o seu lugar:

**A)** O equipo que perdese a categoría na promoción, se a houbera. No caso de que dous ou máis equipos teñan estes mesmos dereitos, atenderase en primeiro lugar á orde da clasificación final obtida no seu Campionato.

**B)** O equipo que perdeu a categoría. No caso de que dous ou máis equipos teñan estes mesmos dereitos, atenderase en primeiro lugar á orde da clasificación obtida no seu Campionato.

**C)** Nas Competicións oficiais que se desenvolvan en máis dun grupo por categoría, obterase unha distribución liñal dos equipos de acordo cos seguintes criterios:

**a)** Número de puntos obtidos.

**b)** Maior diferenza de goles a favor e en contra.

**c)** Maior número de goles marcados.

*No suposto de se ter xogado distinto número de partidos obterase un coeficiente resultante dividindo o factor a considerar polo número de partidos oficiais xogados por cada equipo.*

**D)** Nos casos non previstos, resolverá o Comité Territorial de Competición, previo informe da Área de Competicións Territoriais.

**4** Nas Bases de cada competición estableceranse anualmente as contías económicas dos Dereitos de Participación e fianzas, que deberán aboar os participantes en calquera Competición Territorial, tendo como data límite para a súa inscrición o día 15 de Xullo anterior ao inicio da Competición. En caso de que dito día fose sábado ou inhábil este prazo quedará prorrogado ata as doce (12) horas do día seguinte hábil.

Asimesmo é obriga de todos os Clubs satisfacer os importes económicos das sancións impostas polos órganos competentes e demais obrigas federativas que, de calquera tipo lles corresponda, nas datas indicadas no parágrafo anterior.

**5** Os equipos que renuncien a participar en calquera Competición Territorial, incluído o Segundo Torneo Oficial, unha vez confeccionados os calendarios, deberán compensar a todos aqueles equipos participantes e, en especial ao Club ou Entidade organizadora, de todos aqueles prexuízos que houbese podido ocasionar a súa renuncia, previa resolución do Comité Territorial de Competición, sen prexuízo do disposto no Regulamento de Réxime Disciplinario.

## **ARTIGO 11**

### **FUSIÓN DE CLUBS E CESIÓN DE DEREITOS DEPORTIVOS**

**A)** Os Clubs poderán fusionarse en beneficio da súa acción deportiva ao amparo da lexislación vixente. Estas fusións deberán producirse como máximo ata o día 31 de xullo, e as que se produzan transcorrido dito prazo non terán efectos federativos ata a temporada seguinte.

No acordo de fusión de Clubs deberán constar os seguintes datos:

- Motivo da fusión.
- Situación económica de ambos Clubs antes da fusión, expresando as débedas pendentes con todos os estamentos do balonmán.
- Situación deportiva dos mesmos, indicando as seccións de que se compoñen e equipos que as forman.
- Formación da Xunta Directiva do novo Club, domicilio social e nome do mesmo.
- Sinatura dos presidentes de ambos Clubs fusionados e do Presidente da Xunta Directiva do novo.

A fusión deberá realizarse a través dunha Acta Notarial, onde consten os datos indicados no apartado anterior, sendo necesario acompañar á mesma o previo acordo das Xuntas Directivas e, en todo caso, Asembleas Xerais de socios (segundo se estableza nos seus Estatutos) de ambos Clubs, en cuxos acordos han de consignar tamén que delegan a súa representación nas comparecentes na Acta.

Dita documentación deberá remitirse á F.G.BM. até o día 31 de Xullo, para a súa aprobación, se procede, polo Comité Territorial de Competición.

Unha vez aprobada a fusión deberá inscribirse o novo Club no Rexistro de Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia.

O Comité Territorial de Competición non aprobará a fusión mentres non fosen liquidadas polas entidades implicadas todas as débedas federativas e acordos adquiridos cos demais estamentos do balonmán.

**B)** Os Clubs con equipos participantes en Competicións de ámbito Territorial poderán transmitir ou ceder os seus dereitos deportivos e federativos, sempre que na cesión se dea cumprimento aos seguintes requerimentos:

**1** Que a cesión se produza con anterioridade ao 31 de xullo. As que se realicen transcorrido dito prazo non terán efectos federativos ata a temporada seguinte.

**2** Realizarse, necesariamente, mediante escritura pública notarial, que deberá remitirse á F.G.BM. con anterioridade ao día 31 de xullo, na que haberán de se observar as seguintes circunstancias:

**a)** Acordo adoptado polos Clubs, cedente e cesionario, debidamente autorizado pola Xunta Directiva e/ou pola Asemblea Xeral de socios segundo o establezan os seus estatutos.

**b)** Motivo da cesión.

**c)** Situación económica do Club cesionario.

**d)** Formación da Xunta Directiva do Club cesionario.

**e)** No caso de que o Club cedente teña varios equipos en distintas categorías, deberá expresarse aquel ou aqueles que sexan obxecto da cesión.

**f)** Se o Club cesionario fose de nova creación, deberá aportar:

Acta Notarial fundacional do Club, na que deberá constar as persoas que o constitúan con expresión de todas e cada unha das circunstancias persoais; denominación do Club; domicilio social; bens e obxecto social do mesmo, con expresa exclusión de ánimo de lucro; estatutos aprobados e asinados por todos e cada un dos socios fundadores e que consten na Acta fundacional; compromiso de acatar e respectar cantas leis deportivas lle afecten;

solicitud de inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia, certificado da súa inscrición definitiva no Rexistro pertinente e número de inscrición.

**3** Aceptación da cesión efectuada.

**4** Dita cesión non terá efectos legais nin validez mentres non se haxan liquidado pola entidade cedente todos os dereitos federativos e acordos adquiridos cos demais estamentos do balonmán e comprenderá a totalidade dos dereitos deportivos e federativos dos equipos cedidos con carácter definitivo e conlevando o de todos os seus dereitos accesorios como fianzas, avais, garantías, etc.

**5** Recoñecemento expreso por parte da entidade cesionaria das débedas existentes e a súa subrogación en todos os dereitos e obrigas da entidade cedente.

**6** Non se admitirá cesión algunha na que o Club cedente faga reserva algunha de futuros dereitos.

**7** O cesionario virá obrigado a notificar fidedignamente ou mediante carta por conduto notarial a todos e cada un dos xogadores/as e oficiais integrantes da ou dos equipos obxecto de cesión, cuxa relación completa dos mesmos se unirá á escritura da cesión, facéndolles saber que a partir desa data, o Club cesionario ficou subrogado en todos os dereitos deportivos e federativos, así como nas obrigas do Club cedente. Esta mesma notificación debe facerse cos xogadores e oficiais cos que existan débedas pendentes.

**8** Aprobación da cesión polo Comité Territorial de Competición.

## **ARTIGO 12**

### **CLUBES FILIAIS**

Os clubs de categoría sénior poderán establecer entre sí convenios de filialidade, tendo en conta os requisitos establecidos polo artigo 28 do Regulamento de Partidos e Competicións da Real Federación Española de Balonmán.

O Club patrocinador poderá empregar nos seus equipos senior a xogadores do club filial, tendo en conta que o xogador de éste deberá pertencer a un equipo de categoría inferior á da o equipo patrocinador, cumprindo os requisitos establecidos na normativa sobre o cupo adicional na composición dos equipos de categoría senior.

**TÍTULO 2**  
**NORMAS XERAIS**  
**CAMPIONATOS TERRITORIAIS**

**ARTIGO**

**CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN**

- 13    **NORMATIVA E CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN** .....
- 14    **SISTEMA DE LIGA A UNHA SOA VOLTA** .....
- 15    **SISTEMA DE LIGA DE DOBRE VOLTA** .....
- 16    **EN CASO DE SANCIÓN** .....
- 17    **SISTEMA DE ELIMINATORIA A DOBRE PARTIDO** .....
- 18    **SISTEMA DE ELIMINATORIA A PARTIDO ÚNICO** .....

**DATAS E HORARIOS DE ENCONTROS**

- 19    **ENCONTROS ORGANIZADOS POLA FEDERACIÓN GALEGA** .....
- 20    **ENCONTROS ORGANIZADOS POLAS DELEGACIÓNS** .....

**ADIAMENTOS E CAMBIOS DE DATAS DE ENCONTROS**

- 21    **ENCONTROS ORGANIZADOS POLA FEDERACIÓN GALEGA** .....
- 22    **ENCONTROS ORGANIZADOS POLAS DELEGACIÓNS** .....

**PARTICIPACIÓN DE XOGADORES E OFICIAIS**

- 23    **XENERALIDADES** .....
- 24    **ALIÑACIÓN DE XOGADORES** .....
- 25    **DEREITOS DE FORMACIÓN DE XOGADORES/AS** .....

**OFICIAIS DOS EQUIPOS**

- 26    **ADESTRADORES** .....
- 27    **AXUDANTE DE ADESTRADOR** .....
- 28    **OFICIAL DE EQUIPO** .....
- 29    **DELEGADO DE EQUIPO** .....
- 30    **DELEGADO DE CAMPO** .....
- 31    **AUXILIAR DE EQUIPO** .....
- 32    **OFICIAIS EQUIPOS DE BASE** .....
- 33    **OBSERVACIÓNS** .....
- 34    **RESPONSABLE DE EQUIPO** .....
- 35    **OFICIAIS DESCUALIFICADOS** .....
- 36    **TRAMITACIÓN DE LICENZAS DE XOGADORES E OFICIAIS** .....

**COMPOSICIÓN DE EQUIPOS**

- 37    **COMPOSICIÓN DE EQUIPOS EN COMPETICIÓN TERRITORIAIS** .....
- 38    **BAIXAS DE XOGADORES E OFICIAIS** .....
- 39    **EXTRAVÍO DE LICENZAS** .....
- 40    **RECOÑECEMENTO MÉDICO** .....

**NORMATIVA DE ACTUACIÓN ARBITRAL**

- 41    **ARBITRAXES**

I.-	Encontros organizados pola Federación Galega	.....
II.-	Encontros organizados polas Delegacións TERRITORIAIS	.....
III.-	Seguro deportivo	.....
IV.-	Normativa de Actuación Arbitral	.....

## ENCONTROS

42	TARIFAS ARBITRAIS TEMPADA 2012/2013	.....
43	CADRO DE TARIFAS, TAXAS E COTAS. DEREITOS DE PARTICIPACIÓN	.....
44	TERREOS DE XOGO	.....
45	DELEGADO FEDERATIVO	.....
46	DURACIÓN DOS ENCONTROS	.....
47	CAMBIOS DE XOGADORES EN CATEGORÍA CADETE/INFANTIL	.....
48	REGRAS DE XOGO : MODIFICACIÓNS REGULAMENTARIAS	.....
49	BALÓN DE XOGO	.....
50	UNIFORMIDADE	.....
51	DATOS ESPECÍFICOS DOS CLUBS	.....
52	COMITÉ DE COMPETICIÓN, RECURSOS E RECLAMACIÓNS	.....
53	CONSIDERACIÓNS COMPLEMENTARIAS	.....
	A. Equipo de Categoría Base adscrito ao Club	
	B. Difusión de resultados	
	C. Responsabilidade dos Clubs Organizadores	
	D. Forma de xogo	
	E. Seleccións Territoriais	
	F. Prohibicións na Categoría Base	
	G. Acceso Gratuíto aos Encontros	
	H. Subvencións	
54	FÓRMULA ECONÓMICA	.....
55	OUTRAS DISPOSICIÓN	.....
56	DISPOSICIÓN DEROGATORIAS	.....



## CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN

### ARTÍGO 13

#### NORMATIVA E CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN

A clasificación establecerase de acordo co maior número de puntos obtidos por cada equipo, téndose en conta a seguinte TÁBOA DE PUNTUACIÓN:

<b>Partido</b>	<b>GAÑADO</b>	<b>2 puntos</b>
<b>Partido</b>	<b>EMPATADO</b>	<b>1 punto por cada equipo</b>
<b>Partido</b>	<b>PERDIDO</b>	<b>0 puntos</b>

Para establecer unha clasificación xeral dunha Competición cuxos equipos participen en dous ou máis grupos, atenderase aos seguintes criterios:

- a) Número de puntos obtidos.
- b) Maior diferenza de goles a favor e en contra.
- c) Maior número de goles marcados.

*No suposto de haberse xogado distinto número de partidos, obterase un coeficiente resultante de dividir o factor a considerar polo número de partidos oficiais xogados por cada equipo.*

No caso de empate entre dous ou máis equipos, os criterios de clasificación serán os que se establecen nos ARTIGOS seguintes:

### ARTÍGO 14

#### SISTEMA DE LIGA A UNHA SOA VOLTA

##### A) Entre dous clubs:

- 1.- Resultado do partido xogado entre ambos clubs exclusivamente.
- 2.- Maior diferenza de goles coa intervención de todos os Clubs que participan na Competición.
- 3.- Maior número de goles marcados intervindo todos os Clubs.
- 4.- Mellor cociente resultante de dividir a suma de goles a favor entre a de goles en contra dos obtidos entre os Clubs empatados.
- 5.- Mellor cociente xeral resultante de dividir a suma de goles a favor entre a de goles en contra, coa intervención de todos os Clubs.
- 6.- No caso pouco probable de que persistise o empate celebrarase un encontro de desempate en campo neutral coas prórrogas regulamentarias e, se fose preciso, coa resolución posterior regulamentariamente establecida.

##### B) Entre máis de dous clubs:

- 1.- Puntos resultantes nunha clasificación particular entre os Clubs empatados.
- 2.- Maior diferenza de goles entre eles exclusivamente.
- 3.- Maior diferenza de goles intervindo o resto dos equipos.
- 4.- Maior número de goles marcados intervindo exclusivamente os clubs empatados.
- 5.- Maior número de goles marcados por todos os Clubs que interviñeron na Competición.
- 6.- Mellor cociente xeral da Competición resultante de dividir a suma de goles a favor entre a de goles en contra.

Os criterios anteriores manteranse ata que haxa só dous equipos empatados. Cando isto aconteza pasarase ao criterio de empate entre dous equipos.

## **ARTÍGO 15**

### **SISTEMA DE LIGA A DOBRE VOLTA**

#### **A) Entre dous clubs:**

- 1.- Maior diferenza de goles, segundo o resultado dos partidos xogados por ambos os Clubs entre eles exclusivamente.
- 2.- Maior diferenza de goles coa intervención de todos os Clubs que participan na Competición.
- 3.- Maior número de goles marcados intervindo todos os Clubs.
- 4.- Mellor cociente resultante de dividir a suma de goles a favor entre a de goles en contra dos obtidos entre os Clubs empatados.
- 5.- Mellor cociente xeneral resultante de dividir a suma de goles a favor entre a de goles en contra, coa intervención de todos os Clubs.
- 6.- No caso pouco probable de que persistise o empate, celebrarase un encontro de desempate en campo neutral coa prórroga regulamentaria e, se fose preciso, coa resolución posterior regulamentariamente establecida.

#### **B) Entre máis de dous clubs:**

- 1.- Puntos resultante nunha Clasificación particular entre os Clubs empatados.
- 2.- Maior diferenza de goles entre eles exclusivamente.
- 3.- Maior diferenza de goles intervindo o resto dos equipos.
- 4.- Maior número de goles marcados intervindo exclusivamente os Clubs empatados.
- 5.- Maior número de goles marcados por todos os Clubs que interviñeron na competición.
- 6.- Mellor cociente xeral da competición resultante de dividir a suma de goles a favor entre a de goles en contra.

**NOTA:** No caso de que a Competición se divida en dúas fases e ambas se xoguen a dobre volta, enfrontándose dous mesmos equipos catro veces na mesma Competición, e estes ou máis resultasen empatados na clasificación final, atenderase aos criterios de clasificación detallados nestes artigos, tendo en conta os resultados de todos os encontros xogados entre eles nesa Competición é dicir: os dous da primeira fase e os dous da segunda fase, e **considerando en primeiro lugar os puntos obtidos en todos os encontros disputados entre eles.**

Nos casos nos que o empate se produza entre tres ou máis equipos, se manterán os criterios establecidos ata que haxa dous equipos empatados. Cando se produza esta circunstancia, se atendería ao criterio de empate entre dous equipos.

Nas COMPETICIÓNs que se disputen por calquera outro sistema que non apareza reflectido nos artigos anteriores, os criterios de clasificación en caso de empate entre os equipos participantes establecerase nas súas bases correspondentes.

## **ARTIGO 16**

### **EN CASO DE SANCIÓN**

No caso de que un dos equipos empatados fose sancionado por aliñación indebida, participación incorrecta por segunda vez e sucesivas, por incomparecencia, retirada do terreo de xogo durante un encontro ou sexa responsable, a xuízo do Comité de Competición, da suspensión dun partido antes da finalización do mesmo, a clasificación do mesmo resolverase a favor do equipo **NON INFRACTOR.**

Nunha competición por puntos, cando haxa que recorrer á diferenza de goles ou ao número de goles marcados para desfacer empates entre dous ou máis equipos na clasificación final, e interveñan neste cómputo de goles un resultado de 10-0 ó de 0-10, resultado dunha incomparecencia, retirada, exclusión ou suspensión, non se terán en conta os resultados

dos partidos nos que interviñesen o/os equipo/s que fosen sancionados polos citados motivos.

## **ARTIGO 17**

### **SISTEMA DE ELIMINATORIA A DOBRE PARTIDO**

A clasificación efectuarase pola suma de puntos como segue:

Partido	GAÑADO	2 puntos
Partido	EMPATADO	1 punto por cada equipo
Partido	PERDIDO	0 puntos

No caso de empate a puntos no conxunto da eliminatoria atenderanse os criterios seguintes na orde que a continuación figura:

- 1.- Diferenza de goles.
- 2.- Maior número de goles marcados fóra de casa.
- 3.- Caso de persistir o empate, disputarase, logo dun descanso de cinco (5) minutos e, efectuado un novo sorteo, unha prórroga de dous tempos de cinco minutos cada un. Entre tempo e tempo producirase un minuto de descanso e cambiarase de campo.
- 4.- De persistir o empate procederase a lanzamentos de 7 metros (penaltis), segundo fórmula IHF - que se describe no artigo seguinte.

**NOTA:** As prórrogas xogaranse sen time-out de equipo e comezarán co resultado de 0-0.

## **ARTIGO 18**

### **SISTEMA DE ELIMINATORIA A PARTIDO ÚNICO**

O equipo vencedor de cada eliminatoria determinarase de acordo co resultado final habido no encontro.

Caso de terminar o partido en empate, procederase, logo dun descanso de cinco minutos e logo de efectuado un novo sorteo, a unha prórroga de dous tempos de cinco minutos cada un. Entre tempo e tempo producirase un minuto de descanso e cambiarase de campo. De persistir o empate efectuaranse lanzamentos de 7 metros (penaltis) na forma seguinte:

- 1.- Para a execución dos lanzamentos de 7 metros cada equipo designará a cinco xogadores de entre os cualificados ao final do partido. Eles efectuarán alternativamente un lanzamento contra o adversario. A designación dos lanzadores será efectuada polo responsable de cada equipo e indicada aos árbitros mediante unha lista na que se mencionará o nome e o dorsal dos xogadores. A orde de execución dos lanzamentos será libremente decidido polos equipos e comunicado previamente aos árbitros.
- 2.- Os porteiros serán así mesmo designados libremente, de entre os cualificados nese momento e poderán ser substituídos.
- 3.- Os árbitros sortearán a portería que se vai utilizar. O equipo que comezará a serie de lanzamentos será designado mediante sorteo efectuado polos árbitros.
- 4.- Caso de persistir o empate ao final da primeira serie de cinco lanzamentos, confeccionarase unha nova lista de cinco xogadores que poderá ser distinta á inicial, pero sempre con xogadores cualificados ao final do partido. O primeiro lanzamento será efectuado polo equipo contrario ao que o efectuou na primeira serie. A decisión que determinará ao vencedor interpretaríase da seguinte forma:

4.1. Se o equipo que efectúa o primeiro lanzamento non o transforma, o adversario debe conseguir o gol no lanzamento subseguinte para ser declarado vencedor.

4.2. Cando o primeiro equipo transforme o seu lanzamento e o segundo equipo falla o seu, o primeiro equipo será declarado vencedor.

5.- Cando ao final da segunda serie persista o empate proseguirase a serie de lanzamentos ata a designación dun vencedor, intercambiando de novo a orde.

6.- Non poderán participar nos lanzamentos de 7 metros os xogadores excluídos, descalificados ou expulsados ao final do partido e con posterioridade ao mesmo.

7.- Dentro do rectángulo de xogo e durante a execución dos lanzamentos de 7 metros, soamente poderán estar os árbitros e xogadores participantes en cada lanzamento.

8.- O comportamento antideportivo durante os lanzamentos de 7 metros sancionarase sen excepción coa descualificación do xogador.

9.- Se un xogador é descualificado ou resultase lesionado poderá designarse un substituto.

## DATAS E HORARIOS DOS ENCONTROS

### ARTIGO 19

#### ENCONTROS ORGANIZADOS POLA FEDERACIÓN GALEGA

a) Todos os encontros de Competición Territorial celebraranse nas datas previstas no Calendario Oficial de cada unha delas, salvo aqueles que, aprazados por causa de forza maior, ou decisión do Comité Territorial de Competición, houberen de celebrarse en días hábiles da semana.

b) En ningún caso será considerada causa de forza maior a carencia de recursos económicos ou a falta de previsión na organización dos desprazamentos.

c) Os horarios dos partidos deberán corresponderse co seguinte cadro horario:

	SÁBADO	DOMINGO
Senior (Masc. / Fem.)	16.00 a 20.30 h.	10.00 a 13.00 h.
Xuvenil Feminina	16.00 a 20.30 h.	10.00 a 13.00 h.
Xuvenil / Cadete (Masculino)	10.00 a 13.00 16.00 a 20.30	10.00 a 13.00
Infantil Masculino, Cadete e Infantil Feminina	10.00 a 13.00	10.00 a 13.00

Cando coincidan os calendarios de dúas ou máis categorías das competicións territoriais, nas xornadas que coincida como locatario nas dúas categorías o mesmo club e reciba como visitante ás dúas categorías dun mesmo club, o club locatario ten a obriga de facer coincidir os encontros na mesma franxa horaria. Non poden coincidir na mesma hora as dúas categorías.

Os encontros correspondentes a unha xornada na que coincida que o sábado sexa festivo, poderíanse xogar o sábado á mañá, seguindo a franxa horaria establecida para os domingos.

Todos os encontros correspondentes á última xornada de cada Fase de calquera Competición de carácter Territorial que se celebre polo sistema de liga deberán xogar seguindo os seguintes cadros horarios:

1ª Autonómica Masculina	Sábado	18,30 h.
2ª Autonómica Masculina	Sábado	18,30 h.
3ª Autonómica Masculina	Sábado	18,30 h.
1ª Autonómica Feminina	Domingo	12,30 h.
Div. Honra Xuvenil Feminina	Domingo	10,45 h.

Xuvenil Masculina	Domingo	12,30 h.
Cadete Masculina	Domingo	11,15 h.
Infantil Masculina	Domingo	10,00 h.
Cadete Feminina	Domingo	12,15 h.
Infantil Feminina	Domingo	10,45 h.

No entanto será o Comité Territorial de Competición o que se pronunciará no caso de que non sexa necesaria esta medida. Esta Normativa non será obrigatoria no resto de COMPETICIÓNS de carácter oficial.

**d)** Nas COMPETICIÓNS que se celebren polo sistema de Concentración (TIPO SECTOR), os encontros celebraranse nas horas que se especifiquen nos seus Calendarios.

**e)** Igualmente os encontros poderanse xogar en día laborable, de así establecerse pola F.G.BM. para o bo desenvolvemento das Competicións, ou sempre que exista mutuo acordo entre os Clubs contendentes e previa autorización do órgano competente; en caso de falta de acordo entre os mesmos, este poderá fixala de oficio, sendo o horario de inicio dos encontros entre as 19.00 e 21.00 horas.

**f)** Os encontros de categoría sénior e xuvenil poderanse xogar en domingo pola tarde, entre as 16.00 e 19.00 horas, sempre que existan acordo entre os Clubs e contén coa aprobación do Comité de Competición e o acordo do Comité Territorial de Árbitros.

**g)** A hora exacta e o terreo de xogo onde han de ter lugar os encontros, deberá ser comunicado obrigatoriamente polos equipos organizadores por carta certificada, telefax, ou correo electrónico, simultaneamente ao Comité Territorial de Competición e ao equipo contrario, con **dez días de antelación** como mínimo nos encontros de 1ª Autonómica (Masculina e feminina) Senior e **con anterioridade as vinte (20) horas do luns anterior** á celebración da xornada no resto de Categorías Territoriais.

Nas COMPETICIÓNS que se celebren polo Sistema de Concentración, a Entidade na que a Federación Galega delegue a organización deberá comunicar ao Comité Territorial de Actividades os horarios de todos os encontros, hora e lugar da reunión de delegados, **con quince días de antelación** ao comezo do sector, para a súa aprobación.

**h)** Por ser de suma importancia o cumprimento do expresado no apartado **g)** das presentes Normas, o equipo organizador que incumprise, será sancionado con multa por un importe de ata:

**120 euros en PRIMEIRA DIVISIÓN AUTONÓMICA e 60 euros no resto das categorías**

E no caso de que devandita infracción trouxese como consecuencia a non celebración do encontro, o Club organizador poderá ser sancionado como incomparecido, a criterio do Comité Territorial de Competición, segundo a súa gravidade.

**i)** Os Clubs que o desexen poderán fixar o horario para toda a tempada oficial, notificándoo

por carta , fax ou correo electrónico ao Comité Territorial de Competición e ao resto de equipos participantes na Competición. Se por calquera circunstancia ten que modificar devandito horario nalgunha xornada deberán cumprir o establecido no punto **g)** deste Artigo.

## **ARTIGO 20**

### **ENCUNTROS ORGANIZADOS POLAS DELEGACIÓNS**

**a)** Todos os encontros das Competicións organizadas polas Delegacións Provinciais celebraranse nas datas previstas no calendario oficial de cada unha delas, salvo aqueles que, aprazados por causa de forza maior ou decisión do Comité de Competición, houberen de celebrarse en días hábiles da semana, para o que se terá en conta o establecido polo Art. 19 e) deste NO.RE.BA.

**b)** Os días nos que se poderán celebrar os encontros serán os seguintes:  
Infantil, Alevín e Benxamín: Sábados e Domingos pola mañá.

**c)** Os Clubs organizadores deberán sinalar os encontros para aqueles equipos que radiquen a menos de 30 Km. entre as 9.30 e as 13.00 horas e para aqueles que a súa localidade radique a máis de 30 Km. entre as 10.00 e 12.30 horas.

Todos os encontros correspondentes á última xornada de cada fase de calquera Competición que se celebre polo sistema de liga de calquera Campionato deberase xogar en domingo ás 12.00 horas, **OBRIGATORIAMENTE**, sempre que non se acorde outro horario na reunión preparatoria da mesma. No entanto será o Comité de Competición o que se pronuncie no caso de que non sexa necesaria esta medida. Esta Normativa non será obrigatoria no resto de COMPETICIÓNS de carácter oficial que se celebren.

**d)** Cada Delegación deberá establecer a fórmula de comunicación dos horarios dos encontros por elas organizadas e dar conta da mesma ao Comité de Competición e aos equipos participantes.

**e)** O equipo organizador que incumprise o expresado no apartado anterior será sancionado a primeira vez con APERCIBIMENTO e en veces sucesivas con MULTA DE ATA TRINTA (30) euros.

No suposto que esta infracción trouxese como consecuencia a non celebración do encontro será de aplicación o expresado no Parágrafo Terceiro do Art. **19 i)** do presente NO.RE.BA.

## **ADIAMENTOS E CAMBIOS DE DATA DOS ENCONTROS**

## **ARTIGO 21**

### **ENCUNTROS ORGANIZADOS POR A FEDERACIÓN GALEGA**

**a)** No caso de que por causa de forza maior sexa necesario aprazar ou cambiar a data de celebración dun encontro, o equipo solicitante deberá remitir **correo electrónico, carta certificada ou telefax** solicitando tal adiamento ao Comité Territorial de Competición con **DEZ DÍAS DE ANTELACIÓN COMO MÍNIMO** á data oficial prevista no Calendario.

**b)** Esta solicitude deberá ir acompañada da conformidade por escrito do Club contendente e o xustificante do pago das taxas (30 €), proposta de data de celebración do encontro (dita data non superará o prazo de quince días dende a data de aprazamento do mesmo). Todos estes serán requisitos imprescindibles para que o Comité Territorial de Competición poida aprobar tal solicitude.

**c)** En calquera caso só se poderá efectuar o adiamento ou cambio de data dun encontro coa aprobación expresa do Comité de Competición.

**d)** No caso dun adiamento motivado por unha actividade dos equipos en Sectores Nacionais ou actividades propias das Seleccións Territoriais será o Comité Territorial de Competición quen fixe a data de celebración. Nas solicitudes de adiamento de encontros

por actividades das Seleccións Nacionais ou Territoriais terase en conta soamente na categoría correspondente á que os xogadores teñan a licenza federativa tramitada, sen ter en consideración a súa posible participación noutros equipos do mesmo club dentro das cotas adicionais.

**e)** Se o cambio se referise unicamente a un horario non establecido nas presentes Normas ou nas Bases Xerais de Competición deberán enviar ambos os Clubs, cun mínimo de cinco días, un correo electrónico, telegrama ou fax no que se comunica o novo horario (o equipo que organiza) e aceptando o novo horario (o equipo visitante).

**f)** Cando por causas de forza maior (inclemencias do tempo, mal estado do terreo de xogo, convocatorias coas distintas seleccións nacionais, etc.) fose necesario suspender ou aprazar un encontro de Competición Oficial, este celebrárase de acordo ao que se establece no Regulamento de Partidos e Competicións.

Se a competición é polo Sistema de Liga deberá celebrarse o partido, sempre que sexa posible, antes da terminación da volta que corresponda.

Os clubs afectados terán un prazo de sete (7) días dende o día da suspensión ou aprazamento, para poñerse de acordo e comunicar por escrito ao Comité Territorial de Competición a nova data de celebración. De non recibir tal comunicación nese prazo será dito Comité quen fixe de oficio a data de celebración do encontro.

**g)** Naqueles encontros no que fose autorizado o seu adiamento polo Comité de Competición, ben por solicitude dos interesados, ben de oficio, só poderán aliñarse aqueles xogadores/as que tivesen licenza debidamente tramitada na data que debía haberse xogado segundo o Calendario Oficial da Competición, e que non estivesen suxeitos a sanción federativa o día previsto inicialmente para a súa celebración.

## **ARTIGO 22**

### **ENCUNTROS ORGANIZADOS POLAS DELEGACIÓNS**

**a)** No caso de que por causas de forza maior sexa necesario aprazar ou cambiar a data de celebración dun encontro, o equipo solicitante deberá remitir correo electrónico, carta ou telefax comunicando devandito cambio á súa Delegación e ao Comité de Competición con OITO DÍAS de antelación á data oficial prevista no calendario da competición.

Esta solicitude deberá ir acompañada da conformidade por escrito do Club contendente e o xustificante do pago das taxas (30 €), proposta de data de celebración do encontro (dita data non superará o prazo de quince días dende a data de aprazamento do mesmo). Todos estes serán requisitos imprescindibles para que o Comité de Competición poida aprobar tal solicitude.

Se o cambio se referise unicamente a un horario non establecido polo Art. 20 do presente NON.RE.BA. -GA- deberán enviar ambos os clubs un telegrama, fax ou correo electrónico, no que se comunique o novo horario (o equipo que organiza) e aceptando este novo horario (o equipo visitante), cun mínimo de CINCO (5) días, antes da celebración do encontro.

**b)** A Delegación correspondente dará conta de tal solicitude ao Comité de Competición para que poida aprobar ou rexeitar o cambio de data.

**c)** Os Clubs que desexen celebrar os seus encontros un día laborable ou domingo/festivo pola tarde deberán porse de acordo e comunicalo por escrito á súa Delegación correspondente e ao Comité de Competición, o cal concederá ou denegará o permiso a teor das dispoñibilidades do Comité de Árbitros e sempre que sexa solicitado cun mínimo de OITO DÍAS de antelación á data de celebración do encontro.

**d)** Aqueles Clubs que pertencen a colexios e que os seus xogadores teñan que ausentarse nos períodos de vacacións e, xa que logo, que os seus Clubs non poidan contar co seu concurso, a fin de facer fronte ás Competicións Oficiais, deberán poñelo en coñecemento da súa Delegación e do Comité de Competición con VINTE DÍAS de antelación, para que este adiante ou atrase os encontros que houberen de disputarse nos períodos de vacacións, sempre e cando os Clubs afectados non chegasen a un acordo. No caso de

acordo entre os Clubs, seguirase a fórmula expresada no apartado anterior.

**e)** Cando por causas de forza maior (inclemencias do tempo, mal estado do terreo de xogo, etc.) fose necesario suspender ou aprazar un encontro de Competición Oficial, os clubs afectados terán un prazo de sete (7) días dende o día da suspensión ou aprazamento, para poñerse de acordo e comunicar por escrito ao Comité de Competición a nova data de celebración. De non recibir tal comunicación nese prazo será dito Comité quen fixe de oficio a data de celebración do encontro.

**f)** Non será motivo de suspensión dun encontro, cando por calquera circunstancia o árbitro designado non comparecese ou non puidese actuar, dado que en tal situación procederase da seguinte forma:

**1.-** Se hai algún árbitro oficial no terreo de xogo, solicitarase o seu concurso. De haber varios árbitros, actuarán os de maior categoría.

**2.-** Se non hai ningún árbitro oficial presente, e de mutuo acordo entre ambos os Clubs, poderán designar un entre os espectadores a persoa que se considere competente.

Neste caso o equipo local deberá comunicar telefónicamente ou por correo electrónico á Delegación Provincial o resultado do encontro e ambos os Clubs deberán realizar un Acta que remitirá o Club locatario á súa Delegación polo procedemento de urxencia. Nesta Acta deberá aparecer o acordo de ambos os Clubs para a celebración do encontro, os xogadores participantes e o resultado dos distintos tempos e o resultado final. Nesta Acta deberán asinar os responsables dos dous equipos e a persoa ou persoas elixidas. Non se poderá presentar reclamación algunha sobre a actuación da persoa elixida.

Caso que na data da reunión semanal do Comité de Competición non se haxa recibido a devandita Acta de Partido, darase por perdido o mesmo ao equipo locatario, na categoría infantil, perda do encontro co resultado de cero (0) a dez (10), e nas categorías alevíns e benxamíns co resultado de cero (0) a oito (8) puntos.

**NOTA:** Nos casos non previstos neste ARTIGO atenderase ao que aparece reflectido no ARTIGO anterior.

## **PARTICIPACIÓN DE XOGADORES E OFICIAIS**

### **ARTIGO 23 XENERALIDADES**

Os equipos participantes en todas as COMPETICIÓN TERRITORIAIS deberán dispor do mínimo de xogadores/as que aparecen reflectidos no Art. 37 do presente NO.RE.BA. Galicia, dez (10) días antes, como mínimo, da data oficial de comezo do Campionato correspondente. Tamén deberán dispor dun Adestrador titulado e dous Oficiais de Equipo para exercer as funcións de Delegado de Equipo e Delegado de Campo; ademais poderá dispor de licenza de Auxiliar de Equipo e Axudante de Adestrador.

As licenzas só se extenderán para un determinado equipo, non sendo autorizado o seu uso noutro distinto para a cal foi dilixenciada, exceptuando os casos previstos no presente NO.RE.BA.

### **ARTIGO 24 ALIÑACIÓN DE XOGADORES**

**a)** Para que os xogadores poidan aliñarse validamente cun Club en Competición oficial, será preciso:

- Que se achen regulamentariamente inscritos e en posesión da licenza a favor do *Equipo* que os aliñe; ou na súa falla, que tendo presentada a documentación para a súa inscrición,



estando esta en regra, fosen autorizados pola Federación Galega de Balonmán.

- Que a inscrición, ou no seu caso, a autorización federativa, se produza cun (1) mes de antelación para a conclusión da Competición e sen importar as xornadas que resten por disputar ao equipo solicitante. No entanto, nas Bases de cada Campionato, indicárase a data concreta.

- Que non se atopen suxeitos a sanción federativa.

- Que non fosen aliñados previamente na tempada por outro Equipo, en partidos de competición oficial, exceptuando os casos previstos no Regulamento de Partidos e Competicións da RFEBM.

- Que non se lles teña declarado faltos de aptitude física previo ditame facultativo ou que non conste, indubitablemente que a súa idade non é a requirida polas disposicións oficiais que a determinen.

- Que non teñan licenza ou a tivesen na mesma tempada como adestrador, axudante de adestrador (excepto os xogadores/as senior, con título de adestrador que estean autorizados para dirixir a un equipo do deporte de base ou xuvenil), oficial do equipo, auxiliar de equipo ou directivo, salvo que se trate dun mesmo Club. Neste caso tería que causar baixa como tal adestrador, etc., para tramitar licenza de xogador. Igualmente, un xogador podería causar baixa nun equipo e tramitar licenza de adestrador, axudante, oficial, etc., nese equipo ou noutro do seu mesmo club, respectando os requisitos que en cada caso corresponda.

Os "Oficiais de equipo" quedan autorizados a tramitar licenza de xogador para a categoría de veteranos.

Independentemente dos prazos de presentación de licenzas para a aliñación válida dos xogadores, conforme ao establecido, os Clubs observarán e serán responsables dos prazos de carencia establecidos polo Seguro Obrigatorio para a entrada en vigor das prestacións.

**b)** Só se extenderá unha licenza por tempada e xogador/a, exceptuando os casos que aparecen reflectidos nos Artigos 38 e 39 do Regulamento de Partidos e Competicións da R.F.E.BM.

**c)** O xogador que, tendo licenza por un equipo, non fose aliñado en ningún encontro durante toda a tempada oficial, poderá dilixenciar nova licenza con outro equipo, aínda que sexa da mesma Categoría, sempre e cando cumpra todos os requisitos establecidos para a tramitación da solicitude de baixas e de licenzas.

**d)** Cando exista acordo entre o Club e o xogador para asinar a baixa federativa, un xogador que fose aliñado, se quere fichar por outro Club, será autorizado sempre que o Club sexa doutra categoría distinta á que se aliñou.

Estes xogadores seguirán contando dentro do cómputo de licenzas do Club que dá a baixa. Autorízase a todos os Clubs a tres (3) cambios, unha vez tramitada a baixa federativa, sempre dentro do prazo de fichaxes establecidas para cada Competición e teñan a cota de fichas cuberto. Cando se terminen os prazos de tramitación non se poderá facer ningún cambio.

Para os cambios de xogadores senior deberase ter cuberto a cota de xogadores en idade senior e para o resto de categorías a cota total de fichaxes.

**e)** Transcorridos TRINTA DÍAS dende a data do comezo de calquera Campionato, non poderá ser aliñado xogador algún en encontro de Competición Oficial se non presenta a súa correspondente licenza federativa aos árbitros do mesmo, a non ser que a súa non presentación se debese a causas xustificadas, que en todo momento deberán ser apreciadas polo Comité de Competición, en cuxo caso será suficiente a presentación do Documento Nacional de Identidade ou outro documento acreditativo, consignando o seu número xunto á firma no Acta do Partido.

Caso de incumprirse o anteriormente establecido atenderase ao que determine o Regulamento de Réxime Disciplinario.

f) Os Torneos ou Partidos de Promoción consideraranse como fase complementaria e, xa que logo, a data límite de inscrición corresponderase coa determinada para a fase anterior.

g) Todos os equipos que participan en calquera Campionato de carácter Territorial teñen obrigación de inscribir en Acta e contar fisicamente en cada encontro cun número de xogadores non inferior a (ver cadro que vén a continuación). O incumprimento desta Norma será sancionada a primeira vez con **APERIBIMENTO** e en veces sucesivas segundo se establece a continuación, por cada xogador que faltase para completar o mínimo establecido.

<b>CATEGORÍA</b>	<b>Núm. MÍNIMO XOGADORES POR ENCONTRO</b>	<b>SANCIÓN</b>
1ª DIV. AUTONÓMICA	12 XOGADORES	24 EUROS
2ª DIV. AUTONÓMICA	12 XOGADORES	18 EUROS
3ª DIV. AUTONÓMICA	12 XOGADORES	18 EUROS
XUVENIL	12 XOGADORES	12 EUROS
CADETE	10 XOGADORES	12 EUROS
INFANTIL	10 XOGADORES	12 EUROS

- Os árbitros consignarán de xeito **OBRIGATORIO** na Acta do Encontro o número dos xogadores inscritos na mesma e que non fixesen acto de presenza.

h) En todos os encontros das Competicións Territoriais (senior, xuvenil e cadete), poderanse inscribir en Acta de Partido ata un máximo de Dezaseis (16) xogadores/as, sendo obrigatorio a inscrición e a presenza física dos xogadores que aparecen reflectidos no punto g) do presente Artigo. Nos encontros da Competición Infantil, Alevín e Benxamín, poderanse inscribir en Acta de Partido ata un máximo de dezaioito (18) xogadores/as.

## **ARTIGO 25**

### **DEREITOS FORMACIÓN XOGADORES/AS**

Ao finalizar o período de vixencia das licenzas todo xogador/a quedará en liberdade para subscribilas con calquera Entidade, salvo que tivese compromiso formal federativo xa adquirido, con independencia do que se establece no parágrafo seguinte.

Se na tempada seguinte á que finalizase a licenza do xogador/a, este subscribe outra con diferente Entidade, a de orixe terá dereito a unha compensación económica polo seu traballo de formación, de acordo co establecido polos Artigos 80, 81 e 82 do Regulamento de Partidos e Competicións.

O club que non teña equipo na categoría correspondente á idade do xogador reclamado non poderá esixir compensación ningunha ao club de destino.

Os Clubs patrocinadores serán responsables da compensación que se reclame polos dereitos de formación dun xogador con licenza no equipo filial ou patrocinado, no caso de que o equipo patrocinador utilice en polo menos cinco (5) encontros oficiais, ao xogador obxecto da reclamación dos dereitos de formación.

A Entidade de orixe e que sexa beneficiaria do dereito de formación, deberá solocitalo por escrito dirixido ao Comité Territorial de Competición da FGBM.

O regulado no presente artigo, soamente será competencia do Comité Territorial de Competición da F.G.Bm. no seguinte suposto: cando a licenza en cuestión sexa tramitada pola F.G.Bm. e os dereitos de formación afecten a clubs da comunidade autónoma galega.

## OFICIAIS DOS EQUIPOS

### ARTIGO 26 ADESTRADORES

**a)** Todos os equipos que interveñan nos Campionatos das Categorias Territoriais Senior e Xuvenil, tanto Masculina, como Feminina, teñen a OBRIGACIÓN ineludible de contar cos servizos dun ADESTRADOR TITULADO, polo menos co Título de ADESTRADOR TERRITORIAL no momento da súa inscrición preliminar.

Nas Categorias de Cadete Masculina e Feminina os equipos participantes están OBRIGADOS a contar cos servizos dun Preparador ou Axudante de Preparador titulado, polo menos, coa Categoría de MONITOR BASE (NIVEL I DE ENSINO DO BALONMÁN), no momento da súa inscrición.

**b)** Un xogador/a SENIOR con licenza en vigor, en posesión do Título de Adestrador poderá dirixir a un equipo de deporte base ou xuvenil, ou ser axudante de adestrador dalgún deles, sen importar que se trate do equipo do mesmo Club. As sancións disciplinarias de que puidese ser obxecto teranse que cumprir dentro do marco en que se cometan, excepto as sancións por faltas graves ou moi graves nos que non poderá participar en encontro algún calquera que sexa a súa clase, se a sanción é de suspensión, e serán extensibles a todo o Balonmán Estatal se a sanción é de inhabilitación. Así mesmo os árbitros con licenza en vigor, en posesión do Título de Adestrador poderán dirixir a un equipo do deporte de base (ata Cadetes, inclusive) ou ser axudante de adestrador dalgún deles.

Un xogador sénior masculino con titulación de Adestrador Territorial ou Nacional pode ter licenza de adestrador na categoría de 1ª Autonómica Feminina, ou unha xogadora sénior feminina pode ter licenza de adestradora en categoría 1ª, 2ª ou 3ª Autonómica Masculino.

Esta norma só terá validez nas competicións territoriais.

**c)** Un equipo durante o prazo de vixencia da ficha do seu Adestrador non poderá dilixenciar ningunha outra sen previo acordo das partes e, se non existise tal acordo, será o Comité de Competición quen decida, previa solicitude de información. Cando a un adestrador, a petición voluntaria, se autorice a cambiar de Club, existindo licenza federativa, dita autorización concederáse en calquera categoría, incluso na mesma á de procedencia.

**d)** Será OBRIGACIÓN INELUDIBLE para poder permanecer no banco de reservas e oficiais durante os partidos de Competicións Oficiais e poder dirixir ao equipo estar en posesión da licenza correspondente, dilixenciada pola F.G.BM. Os Árbitros de cada encontro serán responsables de facer cumprir esta Normativa. Poderanse sentar no banco de todos os equipos OUTROS Adestradores e Axudantes de Adestradores que pertencen ao mesmo Club que o equipo que está participando. Neste caso, para desempeñar as funcións de Adestrador ou Axudante de Adestrador no equipo diferente ao que lle corresponde a súa licenza, deberá estar en posesión da titulación requirida á competición correspondente. No banco soamente poderá estar o número regulamentario de oficiais. Os Adestradores e Axudantes de Adestrador dos Equipos, quedan autorizados para exercer as funcións de adestrador, axudante de adestrador e/ou auxiliar de equipo, nos demais equipos do mesmo Club, sempre que non se presenten as licenzas das persoas ás cales están substituindo, debendo ter en conta, con todo, a titulación esixida para exercer as funcións de adestrador dun determinado equipo, non podendo actuar como tal se non ten a titulación esixida para aquela categoría.

**e)** Se unha vez iniciada a participación na súa competición un equipo deixase de ter en vigor a obrigatoria licenza de Adestrador, calquera que fosen as causas que provocaran esta circunstancia, dispoñerá de tres xornadas para emendar tal anomalía. En caso de seguir nas mesmas condicións sancionárase ao equipo cunha multa na contía que se establece a continuación:

<b>PRIMEIRA DIVISIÓN AUTONÓMICA</b>	<b>120 euros</b>
<b>SEGUNDA DIVISIÓN AUTONÓMICA</b>	<b>60 euros</b>
<b>TERCEIRA DIVISIÓN AUTONÓMICA</b>	<b>60 euros</b>
<b>XUVENÍS</b>	<b>30 euros</b>
<b>CADETES</b>	<b>18 euros</b>

f) Todos os adestradores teñen a obrigaón, salvo causa de forza maior, de acudir a todos os encontros do seu equipo e estar fisicamente presentes no terreo de xogo, constando en Acta.

Se un Adestrador deixase de acudir a UN ENCONTRO SEN CAUSA XUSTIFICADA, o Club será sancionado a primeira vez con APERCIBIMENTO e en veces sucesivas con multas de acordo coa Categoría do Club.

<b>PRIMEIRA DIVISIÓN AUTONÓMICA</b>	<b>30 euros</b>
<b>SEGUNDA DIVISIÓN AUTONÓMICA</b>	<b>20 euros</b>
<b>TERCEIRA DIVISIÓN AUTONÓMICA</b>	<b>20 euros</b>
<b>RESTO DE CATEGORÍAS</b>	<b>12 euros</b>

g) Á oitava incomparecencia, o Adestrador será sancionado coa suspensión temporal dun (1) a nove (9) meses, de Competición oficial.

h) No caso de sanción temporal a un adestrador que supoña imposibilidade de realizar o seu labor durante o que resta de competición oficial, sempre que se produza antes de faltar un (1) mes para a súa conclusión, o equipo estará obrigado a substituír a licenza federativa por outra, cumprindo os requisitos regulamentarios.

O incumprimento será sancionado como se indica no punto f) deste ARTÍGO do NO.RE.BA Galicia, sen servir de eximente ou atenuante a sanción de inhabilitación ao mesmo.

## **ARTIGO 27**

### **AXUDANTE DE ADESTRADOR**

a) Todos os equipos están autorizados a contar cos servizos dun Axudante de Adestrador, debendo estar en posesión, como mínimo, do título de Adestrador Territorial para os equipos de Categoría Senior e Monitor (Nivel 1) no resto das Categorias Territoriais, e que non teña dilixenciada ficha algunha con outro Club ou equipo.

Cando un/a Axudante de adestrador/a, a petición voluntaria, se lle autorice a cambiar de club logo da baixa federativa da licenza correspondente, a devandita autorización concederáse en calquera categoría, mesmo esta á de procedencia.

b) Un xogador/a Senior con licenza en vigor, en posesión do Título de Monitor, como mínimo, poderá tramitar unha licenza de Axudante de Adestrador e dirixir a un equipo do Deporte Base, sen importar que se trate dun equipo do mesmo Club.

c) O técnico con licenza de Axudante de Adestrador poderá tramitar unha licenza de adestrador titular, sempre e cando sexa a favor dun equipo do mesmo Club que participe en categoría inferior.

d) En ausencia xustificada do adestrador titular, o Axudante de Adestrador poderá substituílo nas súas funcións e, en calquer caso, sentarse no banco de xogadores/as e oficiais durante os encontros.

## **ARTIGO 28**

### **OFICIAL DE EQUIPO**

a) Todos os equipos participantes en Competicións Territoriais están obrigados a solicitar a tramitación de dúas (2) licenzas de "Oficial de Equipo" no momento da inscrición, conxuntamente coa de xogadores/as e Adestrador, cuxas persoas titulares das mesmas, unha fará as funcións de Delegado/a de Equipo e outra as de Delegado/a de Campo naqueles encontros que deba organizar.

b) O máximo de licenzas de "Oficial de Equipo" que pode tramitar un Club para cada un dos

seus equipos será de cinco (5).

**c)** O posuidor da licenza de “Oficial de Equipo” está facultado para exercer as funcións correspondentes de Delegado de Equipo ou Delegado de Campo, non podendo facer unha mesma persoa máis dunha función en cada encontro oficial.

**d)** Un “Oficial de Equipo” con ficha debidamente dilixenciada pode actuar como Delegado de Equipo ou Delegado de Campo en todos os equipos, sexa cal fora a súa Categoría, pertencentes ao mesmo Club, sen importar para o que foi tramitada a súa licenza.

**e)** No caso de que un equipo contase con só dúas licenzas de Oficial de Equipo e se producise o cesamento ou dimisión dun dos seus titulares, o Club ten a obrigaón de presentar nova licenza a favor doutra persoa, no prazo máximo de quince (15) días, previa concesión oficial da baixa.

**f)** Un “Oficial de Equipo” para poder sentar no banco de xogadores/as e oficiais, deberá estar obrigatoriamente en posesión da licenza correspondente.

**g)** Nos encontros, os equipos participantes en cada un deles deberán indicar aos árbitros do mesmo a función que desempeñará cada un dos titulares da licenza de “Oficial de Equipo”, no momento da presentación das licenzas.

**h)** As funcións a desempeñar por un “Oficial de Equipo” nun encontro, serán aquelas a as que está obrigado segundo o cargo que vaian exercer no mesmo e que previamente comunicarán aos árbitros, as cales describíense nos seguintes Artigos.

**i)** Todos os equipos participantes nas Competicións organizadas pola Federación Galega de Balonmano cando actúen de locais deberán inscribir en Acta de Partido e contar coa presenza física de Dous (2) “Oficiais de Equipo”. En caso de incumprimento serán sancionados como aparece reflectido nos Artigos seguintes.

## **ARTIGO 29**

### **DELEGADO DE EQUIPO**

**a)** Todos os equipos que interveñan nas Competicións organizadas pola Federación Galega de Balonmán, teñen a obrigaón ineludible de contar cos servizos dun Delegado de Equipo en todos os partidos que xoguen, debendo constar en Acta de Partido a súa presenza física nos mesmos, para o que deberá tramitar licenza de “Oficial de Equipo”.

Nas Competicións Territoriais de Categoría Xuvenil, Cadete e Infantil, os Adestradores e Axudantes de Adestrador quedan autorizados a exercer as funcións de Delegado de equipo, en caso de ausencia do titular da licenza de “Oficial de Equipo”, en equipos do mesmo Club. No Acta de partido aparecerán apuntados como Oficial. En todo caso estes Adestradores ou Axudantes de Adestrador soamente poderán realizar unha función durante un encontro.

**b)** En cada encontro só poderá facer as funcións de Delegado de Equipo un único titular de licenza de “Oficial de Equipo”.

**c)** A primeira ausencia non xustificada sancionarase con APERCIBIMENTO e en veces sucesivas con multa de TRINTA (30) euros.

## **ARTIGO 30**

### **DELEGADO DE CAMPO**

**a)** Todos os equipos participantes nas Competicións Territoriais de Categoría Sénior, Xuvenil, Cadete, Infantil, Alevín e Benxamín deberán contar cun Delegado de Campo, en todos os encontros que ese equipo sexa organizador, cuxas funcións exerceraas calquera persoa que teña dilixenciada a licenza de “Oficial de Equipo”, que en ningún caso poderá ser a mesma que o Adestrador, o Axudante de Adestrador, o Auxiliar, ou quen nese encontro exerza de Delegado de Equipo.

**b)** No caso de que nun partido o equipo local (organizador) só presentase un “Oficial de Equipo”, este desempeñará as funcións de Delegado de Campo.

**c)** O Delegado de Campo durante o partido ocupará o seu posto xunto á mesa do anotador-cronometrador salvo que, por razóns do seu labor, fose necesaria a súa presenza noutro lugar.

**d)** O Club que non presente Delegado de Campo a todo encontro de Competición Oficial, aínda que fose substituído por outra persoa que non estea regulamentariamente autorizado, será sancionado polo Comité de Competición de acordo co seguinte criterio:

A primeira ausencia non xustificada sancionarase con **APERIBIMENTO** ao CLUB e en veces sucesivas cunha multa de **TRINTA (30)** euros en todas as Categorías.

**e)** Serán obrigacións do “Oficial de Equipo” que desempeñe as funcións de Delegado de Campo as que a continuación se detallan:

- Presentarse aos Árbitros cando estes cheguen ao campo e cumprir as instrucións que lle comuniquen, antes do partido ou no transcurso do mesmo, sobre corrección de deficiencias no marcado do terreo, colocación das redes, distribución da Forza Pública para mellor asegurar a orde, etc.

- Presentarse igualmente, ao Equipo contrario e ao Delegado Federativo, no seu caso, antes de comezar o encontro, para ofrecerse ao seu servizo.

- Coidar de que se abonen aos árbitros, se así está contemplado na normativa da Competición, antes de comezar o partido, os recibos de gastos arbitrais que aqueles presenten para ese efecto. Facer respectar o disposto sobre “a zona de influencia”.

- Impedir que entre as liñas que delimitan o terreo de xogo e as localidades do público se sitúen outras persoas que as autorizadas.

- Evitar, que teñan acceso aos vestiarios dos árbitros persoas non autorizadas por estes.

- Colaborar co Delegado da Autoridade Gubernativa e co Xefe da Forza Pública de Servizo, a quen se presentará tamén antes de comezar o partido, para o mellor cumprimento da súa respectiva misión, a fin de asegurar a orde, facilitar o desenvolvemento normal do partido e conxurar calquera incidente que se produza antes, durante e logo da súa celebración, procurando especialmente que o público non se estacione xunto ao paso destinado aos Árbitros e Xogadores, moleste a estes en calquera forma, ou se sitúe xunto aos vestiarios duns ou outros.

- Acompañar aos Árbitros ao seu vestiario, tanto ao finalizar o primeiro tempo como á terminación do partido, e acompañar igualmente ao equipo visitante ou aos árbitros dende o campo ao lugar onde se aloxan e ata onde conveña para a súa protección, cando a actitude do Público así o recomende.

- Solicitar a protección da Forza Pública a requirimento dos Árbitros, ou por propia iniciativa, se as circunstancias así o aconsellan.

## **ARTIGO 31**

### **AUXILIAR DE EQUIPO**

**a)** Todos os equipos poderán designar a un Auxiliar (Médico, Fisioterapeuta, etc.), de libre elección, mediante a cumplimentación da correspondente licenza.

**b)** Será obrigación ineludible para poder permanecer no banco de reservas e oficiais, estar en posesión da licenza correspondente, tramitándose unha única licenza por tempada a cada persoa.

**c)** No caso de cesamento ou dimisión do Auxiliar de Equipo, e previa concesión da baixa, o Club poderá solicitar nova licenza a favor doutra persoa.

**d)** No caso de ausencia de Auxiliar de Equipo poderá sentar no banco outra persoa na súa substitución que teña debidamente tramitada a licenza de “Oficial de Equipo”.

## **ARTIGO 32**

### **OFICIAIS EQUIPOS DE BASE**

**a)** Nas Categorias Infantil, Alevín e Benxamín, tanto Masculina como Feminina, será OBRIGATORIO a presentación e a presenza física, como mínimo, en cada encontro de competición oficial dun OFICIAL (Adestrador, Axudante ou “Oficial de Equipo”) coa súa Licenza debidamente dilixenciada. Os equipos que actúen como locais deberán contar, ademais, cun Delegado de Campo.

**b)** O incumprimento desta Norma, levará implícita unha sanción ao equipo, equivalente a un APERCIBIMENTO na primeira ausencia non xustificada e, a partir da segunda, unha MULTA DE NOVE (9) EUROS por xornada de ausencia.

## **ARTIGO 33**

### **OBSERVACIÓNS**

**a)** Non poderá ser Adestrador, Axudante, Auxiliar, “Oficial de Equipo” ningún xogador ou árbitro en activo, que teña licenza en vigor durante a tempada, con excepción do reflectido no apartado b) do presente Artigo.

**b)** Un xogador Senior con licenza en vigor en posesión do título de Adestrador poderá dirixir a un equipo do Deporte Base ou Xuvenil, ou ser Axudante de Adestrador dalgún deles, sen importar que se trate de equipos do mesmo Club.

Así mesmo os árbitros con licenza en vigor, en posesión do título de Adestrador, poderán dirixir a un equipo do Deporte Base (ata Cadetes inclusive) ou ser Axudantes de Adestrador dalgún deles.

Un xogador sénior masculino con titulación de Adestrador Territorial ou Nacional poida ter licenza de adestrador na categoría de 1ª Autonómica Feminina, ou unha xogadora sénior feminina poida ter licenza de adestradora en categoría 1ª, 2ª ou 3ª Autonómica Masculino.

Esta norma só terá validez nas competicións territoriais.

Un xogador con licenza en vigor poderá exercer as funcións correspondentes aos “Oficiais de Equipo” nun equipo do Deporte Base (ata Cadetes inclusive), sen importar que se trate de equipos do mesmo Club. Dito xogador deberá tramitar a correspondente licenza de “Oficial de Equipo”.

Estes son os únicos casos nos que se permiten a duplicidade de licenza: xogador - adestrador ou xogador - axudante de adestrador e árbitro - adestrador ou árbitro - axudante de adestrador.

As sancións disciplinarias de que puidesen ser obxecto teranse que cumprir dentro do marco no que se cometan, excepto as sancións por faltas graves ou moi graves nos que non poderán participar en encontro algún calquera que sexa a súa clase, se a sanción é de suspensión e serán extensibles a todo o Balonmán Estatal se a sanción é de inhabilitación.

**c)** Autorízase a que xogadores, adestradores, axudantes de adestrador con licenza en vigor, poidan arbitrar encontros de calquera categoría, excepto aqueles correspondentes á categoría na que teñan tramitada a licenza na tempada en curso. É requisito indispensable para dirixir encontros de categoría senior e xuvenil estar en posesión do correspondente curso de árbitro.

**d)** Transcorridos trinta días dende a data do inicio de cada Campionato, non poderá ser aliñado xogador ou oficial algún en encontro de Competición oficial que non presente a súa correspondente licenza aos árbitros do mesmo. A non ser, que a súa non presentación se debese a causas xustificadas, que en todo momento deberán ser apreciadas polo Comité de Competición, en cuxo caso, será suficiente a presentación do D.N.I. ou outro documento acreditativo consignando o seu número xunto á firma no Acta do partido.

Caso de incumprirse o anteriormente establecido, será sancionado o club con MULTA DE TRINTA a SESENTA EUROS.

**e)** O posuidor da licenza de “Oficial” estará facultado para exercer as funcións de “Delegado

de Equipo”, “Delegado de Campo ou Auxiliar de Equipo”. Ao presentarse a licenza aos árbitros indicárase a función de cada un deles no encontro

**f)** Para que os oficiais dos equipos poidan constar na acta do partido e participar das súas competencias nos mesmos, respectaranse os requisitos establecidos para os xogadores, con excepción do disposto nos parágrafos cuarto e quinto do Artigo 24, punto a) do presente NO.RE.BA.

**g)** Nos encontros de Competición Territorial poderán inscribirse en Acta de Partido ata un total de CATRO (4) Oficiais, dos cales o número máximo con licenza específica de “OFICIAL” será de DOUS (2) sempre e cando non se presente a licenza de Auxiliar de Equipo. Exclúese desta cifra ao “Delegado de Campo”, que sempre debe presentar licenza de “OFICIAL”.

Os posuidores da licenza de “OFICIAL”, ao presentar a mesma aos árbitros deberán indicar a función que cada un deles vai exercer no encontro.

**h)** Os adestradores e oficiais dos equipos de categoría Estatal (licenza tramitada pola R.F.E.BM.) poderán tramitar licenza de xogador nun equipo de categoría Territorial. As sancións disciplinarias de que puidesen ser obxecto teranse que cumprir dentro do marco no que se cometan, excepto as sancións por faltas graves ou moi graves polas que non poderán participar en encontro algún calquera que sexa a súa clase, se a sanción é de suspensión e serán extensibles a todo o Balonmán Estatal se a sanción é de inhabilitación.

#### CADRO DE POSIBILIDADES EN ACTA DE PARTIDO

OFICIAL	LICENZA A PRESENTAR	AUSENCIA TITULAR (LICENZA AUTORIZADA) (2)
<b>ADESTRADOR</b>	Adestrador Titular do equipo participante	Un adestrador dun equipo do mesmo Club (1)
<b>AXUDANTE ADESTRADOR</b>	Axudante de Adestrador Titular do equipo participante	Un axudante de Adestrador dun Equipo do mesmo Club ou un Adestrador dun equipo do mesmo Club (1)
<b>DELEGADO EQUIPO</b>	Oficial de Equipo	Adestrador ou Axudante de Adestrador (nas categorías xuvenil, cadete, infantil, alevín)
<b>AUXILIAR EQUIPO</b>	Auxiliar de Equipo	Un Oficial de Equipo ou un Adestrador dun equipo do mesmo Club ou un Axudante de Adestrador dun Equipo do mesmo Equipo do mesmo Club
<b>DELEGADO CAMPO</b>	Oficial de Equipo	

(1) Debe ter a titulación requirida para exercer as funcións de Adestrador dun determinado equipo.

(2) Cando un Oficial se inscriba nun encontro de calquera Competición Territorial cunha licenza tramitada pola Real Federación Española de Balonmán, os árbitros están obrigados a facelo constar así, indicando a categoría da propia licenza.

#### ARTIGO 34 RESPONSABLE DE EQUIPO

Antes do inicio dos encontros, os equipos deben indicar aos árbitros a persoa, que con licenza federativa, exercerá as funcións de “Oficial responsable”. No caso de non indicarse nada, a persoa que actúe como **Adestrador** exercerá ditas funcións.

O responsable de equipo entregará aos árbitros ou anotador do encontro as licenzas correspondentes aos oficiais e xogadores do seu equipo, como mínimo, trinta minutos antes da hora fixada para o comezo do encontro.



Os oficiais responsables dos equipos teñen dereito a formular na Acta do Partido protestas ou denuncias sobre a situación legal dos xogadores, mal estado do terreo de xogo, marcaxe do mesmo, conduta do público, etc., por mediación dos árbitros que as redactarán en forma clara pero concisa, asinando os reclamantes ao pé de tales dilixencias.

## **ARTIGO 35**

### **OFICIAIS DESCUALIFICADOS**

Os oficiais descualificados deben abandonar a zona de cambios, o que significa que non pode situarse en ningún lugar dende o que poida ter algunha influencia sobre o equipo. Considerarase “Zona de Influencia” o espazo comprendido entre os vértices da banda do lado onde estean situados os bancos de reserva e a mesa de cronometraxe, así como toda a bancada correspondente á devandita banda.

O Delegado de Campo será o responsable de facer cumprir o disposto sobre a “Zona de Influencia”.

## **ARTIGO 36**

### **TRAMITACIÓN DE LICENZAS DE XOGADORES E OFICIAIS**

**a)** As licenzas dos Xogadores/Oficiais cubriranse en todos os seus apartados, a través da páxina web da Federación Galega de Balonmán.

**b)** Non será tramitada ningunha licenza na que calquera dos datos solicitados na mesma non aparezan cubertos con suficiente claridade, ou se omitan algún dos datos solicitados. Igualmente será rexeitada toda licenza na que as fotografías do xogador ou oficial impidan a comprobación da súa identidade. Non será admitida a tramitación ningunha licenza SEN O ABOAMENTO PREVIO, á súa retirada das cotas do Seguro Deportivo Obrigatorio.

**c)** A firma de documentación ten carácter de declaración formal do interesado con relación aos datos que figuran na mesma. O Club e o interesado serán responsables da veracidade dos mesmos.

A falta de veracidade ou alteración dos datos reflectidos nas licenzas será castigada coa suspensión do interesado por termo de CATRO ANOS e, se se probase responsabilidade por parte do Club, cunha MULTA DE ATA SEISCENTOS (600) EUROS.

**d)** Ao obxecto de xustificar a idade dos xogadores de idade Xuvenil, Cadete e Infantil, haberá de acompañarse á licenza un dos documentos seguintes: D.N.I. ou Pasaporte Individual.

Todo xogador/a deberá presentar certificado médico original no que se certifique que o mesmo/a está apto para a práctica deportiva.

**e)** DEZ DÍAS ANTES, como mínimo, da data oficial do comezo de cada Campionato, deberá obrar en poder da Federación Galega a documentación precisa, o número mínimo de Xogadores e Oficiais esixidos para a dilixencia das súas licenzas. Non admitindo a participación dese equipo cando non tivese entregado as fichas coa antelación sinalada.

**f)** É obrigatorio que os xogadores e oficiais se atopen afiliados ao seguro deportivo obrigatorio, cuxo tomador será a Federación Galega de Balonmán, que cubra as posibles lesións e demais situacións que se poidan producir no práctica deportiva.

## COMPOSICION DE EQUIPOS

### ARTIGO 37

#### COMPOSICIÓN EQUIPOS EN COMPETICIÓN TERRITORIAIS

##### A) EQUIPOS SENIORS MASCULINOS

Nas competicións seniors masculinas de carácter territorial, poderán participar xogadores de sexo masculino, en idade senior, que teñan licenza debidamente dilixenciada, e igualmente catro (4) xogadores xuvenís por equipo, pertencente ao mesmo club e/ou filial, que teñan licenza dilixenciada, en consonancia coa regulamentación establecida respecto diso nos parágrafos seguintes:

##### **COTA PRINCIPAL** (*Refírese ás licenzas dun Equipo Senior*)

O número mínimo de licenzas que, obrigatoriamente, debe ter dilixenciadas un equipo antes do comezo do seu Campionato será de doce (12) e o máximo poderá ser de dezoito (18), tendo en conta que alomenos tres (3) deberán ser obrigatoriamente xogadores nacionais seleccionables para os Equipos Nacionais Españois nados en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997.

En consecuencia establécese o seguinte cadro de posibilidades:

14 xogadores nados ata 1992	+	4 Xogadores nados en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997
13 xogadores nados ata 1992	+	5 Xogadores nados en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997
12 xogadores nados ata 1992	+	6 Xogadores nados en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997
11 xogadores nados ata 1992	+	7 Xogadores nados en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997
10 xogadores nados ata 1992	+	8 Xogadores nados en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997
9 xogadores nados ata 1992	+	9 Xogadores nados en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997
8 xogadores nados ata 1992	+	10 Xogadores nados en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997
7 xogadores nados ata 1992	+	11 Xogadores nados en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997
6 xogadores nados ata 1992	+	12 Xogadores nados en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997
5 xogadores nados ata 1992	+	13 Xogadores nados en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997
4 xogadores nados ata 1992	+	14 Xogadores nados en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997
3 xogadores nados ata 1992	+	15 Xogadores nados en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997
2 xogadores nados ata 1992	+	16 Xogadores nados en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997
1 xogadores nados ata 1992	+	17 Xogadores nados en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997
0 xogadores nados ata 1992	+	18 Xogadores nados en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997

*Na Competición de 1ª Autonómica só se poderá tramitar a licenza número 15 de xogador senior nacido ata 1992 sempre e cando se teñan as tres licenzas de xogadores sub-23 xa tramitadas.*

*Na Competición de 2ª Autonómica só se poderá tramitar a licenza número 16 de xogador senior nacido ata 1992 sempre e cando se teñan as dúas licenzas de xogadores sub-23 xa tramitadas.*

Ademais, os equipos poderán contar cun total de oito (8) xogadores nacionais senior nados en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997, nominativos (sempre os mesmos), procedentes dos equipos do mesmo club de categoría inferior señor e/ou filiais, podendo ser aliñados un número ilimitado de encontros.

Dous (2) destes oito (8) xogadores seniors poderán ser xogadores nacionais seniors nados ata 1992, procedentes de equipos seniors de categoría inferior do mesmo club e /ou filial. Estes xogadores terán carácter nominativo (sempre os mesmos), non perdendo a súa categoría de procedencia e poderán participar nos dous equipos na mesma xornada e data. Estes xogadores senior poden xogar un máximo de dez encontros na categoría superior. Antes de ser aliñados na undécima xornada na categoría superior, perderán a súa categoría inferior, debéndose dilixenciar unha nova licenza correspondente a categoría superior, previa baixa federativa da licenza da categoría inferior. Estas dúas licenzas de xogadores seniors nacionais nados ata 1992 procedentes do cupo adicional que se tramiten no cupo principal de licenzas despois de

ser aliñados os dez encontros permitidos como máximo ou menos, sempre e cando se solicite, non contabilizarán dentro do cupo principal de licencias establecido para a categoría.

-Iguamente, catro (4) destes oito (8) xogadores nacionais senior nacidos en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997, nominativos (sempre os mesmos), procedentes dos equipos do mesmo club de categoría inferior senior e/ou filial, poderán ser xogadores nacionais xuvenís, pertencentes a un equipo xuvenil do mesmo club e/ou filiais. Para que estes xogadores xuvenís poidan ser aliñados, deberán ser autorizados previamente pola Federación Galega de Balonmán, mediante a presentación da autorización dos pais ou titores para xogar nunha categoría superior a que pola idade lles corresponde..

Os xogadores do “Cota Adicional” ou “Extra” só poderán ser aliñados nun **máximo de dous (2) encontros** por xornada deportiva, sen importar o día da súa celebración.

En todos os casos, os xogadores do “Cota Adicional” ou “Cota Extra” deberán ser nacionais e nominativos, sempre os mesmos.

Os xogadores da “Cota Adicional” ou “Cota Extra”, non serán substituídos en ningún caso.

Os xogadores xuvenís que participen co equipo senior do seu club, non perderán a súa condición de xuvenil, podendo xogar co equipo xuvenil sempre que o club o determine na mesma xornada e data na súa categoría xuvenil e nunha categoría superior sénior.

Tendo en conta este apartado, o “cupo adicional” de xogadores que poden participar nos equipos seniors masculinos procedentes dos equipos de categoría inferior do mesmo club e/ou filial, será tal e como a continuación se esquematiza:

	XOGADORES SÉNIOR NACIDOS		XOGADORES XUVENÍS (1998,1999)
	ATA 1.992	1.993, 1994, 1.995 1996 e 1997	
NUMERO MÁXIMO DE XOGADORES	0	8	0
	2	6	0
	2	4	2
	2	2	4
	0	4	4

## B) EQUIPOS XUVENÍS MASCULINOS

O número mínimo de licenzas de xogadores que, obrigatoriamente, ha de ter dilixenciadas un equipo antes do comezo da Competición será de doce (12) e o máximo poderá ser de dezaioito (18).

Todos os xogadores participantes deberán ser xuvenís, de acordo co cadro de idades reflectidos no ARTIGO 3 do NO.RE.BA. Galicia-, permitíndose a participación a xogadores de idade cadete, sempre e cando reúnan as condicións expostas a continuación.

Dos dezaioito (18) xogadores, seis (6) prazas poderán reservarse para xogadores en idade cadete de primeiro ou segundo ano indistintamente que pertencen a un equipo do mesmo club. En calquera caso, estes xogadores non serán nominativos, podéndose aliñar en cada encontro un máximo de seis (6), sempre que non se exceda a cota de dezaioito xogadores. Para que estes xogadores cadetes poidan ser aliñados, deberán ser autorizados previamente pola Federación Galega de Balonmán, mediante a presentación da autorización dos pais ou titores para xogar en categoría superior á que por idade lles corresponde, fotocopia da súa licenza federativa e aboar os dereitos do Seguro Obrigatorio Deportivo da Categoría Xuvenil.

Os xogadores cadetes autorizados non perderán o dereito de participar na súa competición de orixe, podendo ser aliñados na mesma xornada e data na súa categoría

cadete e cun equipo de categoría xuvenil do mesmo club.

### **C) EQUIPOS CADETES MASCULINOS**

O número mínimo de licenzas de xogadores que, obrigatoriamente, ha de ter dilixenciadas un equipo antes do comezo da Competición será de dez (10) e o máximo poderá ser de dezaioito (18).

Todos os xogadores participantes deberán ser cadetes, de acordo co cadro de idades reflectido no ARTIGO 3 do NO.RE.BA. Galicia-, permitíndose a participación a xogadores de idade Infantil, sempre e cando reúnan as condicións expostas a continuación.

Dos dezaioito (18) xogadores, seis (6) prazas poderán reservarse para xogadores en idade infantil de primeiro ou segundo ano indistintamente que pertenzan a un equipo do mesmo club. En calquera caso, estes xogadores non serán nominativos, podéndose aliñar en cada encontro un máximo de seis (6), sempre que non se exceda a cota de dezaioito xogadores. Para que estes xogadores infantís poidan ser aliñados, deberán ser autorizados previamente pola Federación Galega de Balonmán, mediante a presentación da autorización dos pais ou titora para xogar en categoría superior á que por idade lles corresponde e fotocopia da súa licenza federativa.

Os xogadores infantís autorizados non perderán o dereito de participar na súa competición de orixe, podendo ser aliñados na mesma xornada e data na súa categoría infantil e cun equipo de categoría cadete do mesmo club.

### **D) EQUIPOS INFANTÍS MASCULINOS**

O número mínimo de licenzas de xogadores que, obrigatoriamente, ha de ter dilixenciadas un equipo antes do comezo da Competición será de dez (10) e o máximo poderá ser de dezaioito (18).

Todos os xogadores participantes deberán ser infantís, de acordo co cadro de idades reflectido no ARTIGO 3 do NO.RE.BA. Galicia-, permitíndose a participación a xogadores de idade alevín, sempre e cando reúnan as condicións expostas a continuación.

Dos dezaioito (18) xogadores, seis (6) prazas poderán reservarse para xogadores en idade alevín de primeiro ou segundo ano indistintamente que pertenzan a un equipo do mesmo club. En calquera caso, estes xogadores non serán nominativos, podéndose aliñar en cada encontro un máximo de seis (6), sempre que non se exceda a cota de dezaioito xogadores. Para que estes xogadores alevíns poidan ser aliñados, deberán ser autorizados previamente pola Federación Galega de Balonmán, mediante a presentación da autorización dos pais ou titora para xogar en categoría superior á que por idade lles corresponde e fotocopia da súa licenza federativa.

Os xogadores alevíns autorizados non perderán o dereito de participar na súa competición de orixe, podendo ser aliñados na mesma xornada e data na súa categoría alevín e cun equipo de categoría infantil do mesmo club.

### **E) EQUIPOS ALEVÍNS MASCULINOS**

O número mínimo de licenzas de xogadores que, obrigatoriamente, ha de ter dilixenciadas un equipo antes do comezo da Competición será de dez (10) e o máximo poderá ser de dezaioito (18).

Todos os xogadores participantes deberán ser alevíns, de acordo co cadro de idades reflectido no ARTIGO 3 do NO.RE.BA. Galicia-, permitíndose a participación a xogadores de segundo e terceiro ano de idade benxamín indistintamente, sempre e cando reúnan as condicións expostas a continuación.

Dos dezaioito (18) xogadores, seis (6) prazas poderán reservarse para xogadores en idade benxamín de segundo e terceiro ano que pertenzan a un equipo do mesmo club. En calquera caso, estes xogadores non serán nominativos, podéndose aliñar en cada

encontro un máximo de seis (6), sempre que non se exceda a cota de dezaioito xogadores. Para que estes xogadores en idade benxamíns poidan ser aliñados, deberán ser autorizados previamente pola Federación Galega de Balonmán, mediante a presentación da autorización dos pais ou titores para xogar en categoría superior á que por idade lles corresponde e fotocopia da súa licenza federativa.

Os xogadores benxamíns autorizados non perderán o dereito de participar na súa competición de orixe, podendo ser aliñados na mesma xornada e data na súa categoría benxamín e cun equipo de categoría alevín do mesmo club.

## **F) EQUIPOS BENXAMÍNS MASCULINOS**

Todos os xogadores participantes deberán ser de idade benxamín, non permitindo a participación a xogadores de calquera outra categoría, tanto inferior como superior.

O número mínimo de licenzas de xogador que, obrigatoriamente, ha de ter dilixenciadas un equipo antes do comezo da competición será de dez (10) e o máximo de dezaioito (18).

## **G) EQUIPOS SENIOR FEMININOS**

Nas competicións senior femininas de ámbito territorial, poderán participar todas as xogadoras de sexo feminino en idade senior que teñan licenza debidamente dilixenciada, e igualmente as xogadoras xuvenís pertencentes ao mesmo club e/ou filial, e que teñan ficha debidamente dilixenciada.

Cada equipo participante poderá fichar un mínimo de doce (12) xogadoras e poderá dilixenciar ata un máximo de dezaioito (18), aínda que coa seguinte proporción:

- Mínimo de once (11) xogadoras idade senior e sete (7) xuvenís.
- Máximo de dezaioito (18) xogadoras en idade senior.

Como consecuencia establécese o seguinte cadro de posibilidades:

11 Xogadoras en idade senior 7 xogadoras en idade xuvenil
12 Xogadoras en idade senior 6 xogadoras en idade xuvenil
13 Xogadoras en idade senior 5 xogadoras en idade xuvenil
14 Xogadoras en idade senior 4 xogadoras en idade xuvenil
15 Xogadoras en idade senior 3 xogadoras en idade xuvenil
16 Xogadoras en idade senior 2 xogadoras en idade xuvenil
17 Xogadoras en idade senior 1 xogadora en idade xuvenil
18 Xogadoras en idade senior 0 xogadoras en idade xuvenil

Os equipos teñen a obriga de tramitar alomenos dúas (2) licenzas de xogadoras menores de vinteun (21) anos (nadas en 1996 ou 1997) de nacionalidade española, igualmente antes do inicio da Competición.

Todos os equipos poderán contar cun total de oito (8) xogadoras nacionais senior nadas en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997, nominativas (sempre as mesmas), procedentes dos equipos do mesmo club de categoría inferior señor e/ou filial, podendo ser aliñadas un número ilimitado de encontros.

Dúas (2) destas oito (8) xogadoras seniors poderán ser xogadoras nacionais seniors nadas ata 1992, procedentes de equipos seniors de categoría inferior do mesmo club e /ou filial. Estas xogadoras terán carácter nominativo (sempre as mesmas), non perdendo a súa categoría de procedencia e poderán participar nos dous equipos na mesma xornada e data. Estas xogadoras senior poden xogar un máximo de dez encontros. Antes de ser aliñados na undécima xornada na categoría superior, perderán a súa categoría inferior, debéndose dilixenciar unha nova licenza correspondente a categoría superior, previa baixa federativa da licenza da categoría inferior. Estas dúas licencias de xogadoras seniors nacionais nados ata 1992 procedentes do cupo

adicional que se tramiten no cupo principal de licenzas despois de ser aliñados os dez encontros permitidos como máximo ou menos, sempre e cando se solicite, non contabilizarán dentro do cupo de licenzas establecido para a categoría.

Igualmente, catro (4) destas oito (8) xogadoras nacionais senior nacidas en 1993, 1994, 1995, 1996 e 1997, nominativas (sempre as mesmas), procedentes dos equipos do mesmo club de categoría inferior senior e/ou filial, poderán ser xogadoras nacionais xuvenís, pertencentes a un equipo xuvenil do mesmo club e/ou filiais. Para que estas xogadoras xuvenís poidan ser aliñadas, deberán ser autorizados previamente pola Federación Galega de Balonmán, mediante a presentación da autorización dos pais ou titores para poder xogar en categoría superior á que por idade lle corresponde.

As xogadoras xuvenís que participen co equipo senior do seu club e/ou filial deberán ser sempre as mesmas, non perdendo a súa condición de xuvenil, podendo xogar co equipo xuvenil, sempre que o Club o determine, inclusive na mesma xornada poderán aliñarse en ambas as categorías (senior e xuvenil). Tamén se permite esta dobre aliñación na mesma data.

En calquera caso, a tramitación das licenzas destas xogadoras deberá terse efectuado dentro do prazo establecido para a fichaxe de xogadoras na categoría superior na cal van ser utilizadas.

En todos os casos, as xogadoras do “Cota Adicional” deberán ser nacionais e nominativas, sempre os mesmos.

As xogadoras da “Cota Adicional”, non serán substituídas en ningún caso.

As xogadoras nominadas para participar en encontros de categoría superior non perderán o dereito de participar na súa competición de orixe, podendo ser aliñadas na mesma xornada e data na súa categoría e cun equipo de categoría superior do mesmo Club.

## **H) EQUIPOS XUVENÍS FEMININOS**

O número mínimo de licenzas que, obrigatoriamente, ha de ter dilixenciadas un equipo antes do comezo da Competición será de once (11) e o máximo poderá ser de dezaoto (18).

Todas as xogadoras participantes deberán ser xuvenís, de acordo co cadro de idades reflectido no ARTIGO 3 do NO.RE.BA. Galicia, permitíndose a participación a xogadoras de idade cadete, sempre e cando reúnan as condicións expostas a continuación.

Das dezaoto (18) xogadoras, seis (6) prazas poderán reservarse para xogadoras en idade cadete de primeiro ou segundo ano indistintamente que pertencen a un equipo do mesmo club. En calquera caso, estas xogadoras non serán nominativas, podéndose aliñar en cada encontro un máximo de seis (6), sempre que non se exceda a cota de dezaoto xogadoras. Para que estas xogadoras cadetes poidan ser aliñadas, deberán ser autorizadas previamente pola Federación Galega de Balonmán, mediante a presentación da autorización dos pais ou titores para poder xogar en categoría superior á que por idade lle corresponde, fotocopia da súa licenza federativa e aboar os dereitos do seguro Deportivo Obrigatorio correspondente á Categoría Xuvenil.

As xogadoras cadetes autorizadas non perderán o dereito de participar na súa competición de orixe, podendo ser aliñadas na mesma xornada e data na súa categoría cadete e cun equipo de categoría xuvenil do mesmo club.

## **I) EQUIPOS CADETES FEMININOS**

O número mínimo de licenzas que, obrigatoriamente, ha de ter dilixenciadas un equipo antes do comezo da Competición será de dez (10) e o máximo poderá ser de dezaoto (18).

Todas as xogadoras participantes deberán ser cadetes, de acordo co cadro de idades reflectido no ARTIGO 3 do NO.RE.BA. Galicia, permitíndose a participación a xogadoras de idade infantil, sempre e cando reúnan as condicións expostas a continuación.

Das dezaoto (18) xogadoras, seis (6) prazas poderán reservarse para xogadoras en idade

infantil de primeiro ou segundo ano indistintamente que pertencen a un equipo do mesmo club. En calquera caso, estas xogadoras non serán nominativas, podéndose aliñar en cada encontro un máximo de seis (6), sempre que non se exceda a cota de dezoito xogadoras. Para que estas xogadoras infantís poidan ser aliñadas, deberán ser autorizadas previamente pola Federación Galega de Balonmán, mediante a presentación da autorización dos pais ou titores para poder xogar en categoría superior á que por idade lle corresponde e fotocopia da súa licenza federativa.

As xogadoras infantís autorizadas non perderán o dereito de participar na súa competición de orixe, podendo ser aliñadas na mesma xornada e data na súa categoría infantil e cun equipo de categoría cadete do mesmo club.

## **J) EQUIPOS INFANTÍS FEMININOS**

O número mínimo de licenzas de xogadoras que, obrigatoriamente, ha de ter dilixenciadas un equipo antes do comezo da Competición será de dez (10) e o máximo poderá ser de dezoito (18).

Todas as xogadoras participantes deberán ser infantís, de acordo co cadro de idades reflectido no ARTIGO 3 do NO.RE.BA. Galicia -, permitíndose a participación a xogadoras de idade alevín, sempre e cando reúnan as condicións expostas a continuación.

Das dezoito (18) xogadoras, seis (6) prazas poderán reservarse para xogadoras en idade alevín de primeiro ou segundo ano indistintamente que pertencen a un equipo do mesmo club. En calquera caso, estas xogadoras non serán nominativas, podéndose aliñar en cada encontro un máximo de seis (6), sempre que non se exceda a cota de dezoito xogadoras. Para que estas xogadoras alevíns poidan ser aliñadas, deberán ser autorizadas previamente pola Federación Galega de Balonmán, mediante a presentación da autorización dos pais ou titores para poder xogar en categoría superior á que por idade lle corresponde e fotocopia da súa licenza federativa.

As xogadoras alevíns autorizadas non perderán o dereito de participar na súa competición de orixe, podendo ser aliñadas na mesma xornada e data na súa categoría alevín e cun equipo de categoría infantil do mesmo club.

## **K) EQUIPOS ALEVÍNS FEMININOS**

O número mínimo de licenzas de xogadoras que, obrigatoriamente, ha de ter dilixenciadas un equipo antes do comezo da Competición será de dez (10) e o máximo poderá ser de dezoito (18).

Todas as xogadoras participantes deberán ser alevíns, de acordo co cadro de idades reflectido no ARTIGO 3 do NO.RE.BA. Galicia, permitíndose a participación a xogadoras de idade benxamín, sempre e cando reúnan as condicións expostas a continuación.

Das dezoito (18) xogadoras, seis (6) prazas poderán reservarse para xogadoras en idade benxamín de segundo e terceiro ano que pertencen a un equipo do mesmo club. En calquera caso, estas xogadoras non serán nominativas, podéndose aliñar en cada encontro un máximo de seis (6), sempre que non se exceda a cota de dezoito xogadoras. Para que estas xogadoras benxamíns poidan ser aliñadas, deberán ser autorizadas previamente pola Federación Galega de Balonmán, mediante a presentación da autorización dos pais ou titores para poder xogar en categoría superior á que por idade lle corresponde e fotocopia da súa licenza federativa.

As xogadoras benxamíns autorizadas non perderán o dereito de participar na súa competición de orixe, podendo ser aliñadas na mesma xornada e data na súa categoría benxamín e cun equipo de categoría alevín do mesmo club.

## **L) EQUIPOS BENXAMÍNS FEMININOS**

Todas as xogadoras participantes deberán ser de idade benxamín, non permitindo a participación a xogadoras de calquera outra categoría, tanto inferior como superior. O

número mínimo de licenzas de xogadoras que, obrigatoriamente, ha de ter dilixenciadas un equipo antes do comezo da competición será de dez (10) e o máximo de dezaioito (18).

### **M) COMPETICIÓNS TIPO CONCENTRACIÓN**

Nas Competicións Territoriais que se celebren polo sistema de concentración (tipo “sector”) o número máximo de xogadores/as participantes por equipo será de dezaioito (18).

Todos os xogadores participantes deberán estar en posesión da Licenza Federativa correspondente e deberán ir provistos do Documento Nacional de Identidade (D.N.I.), pasaporte ou carné de conducir, sen cuxos requisitos non lles será permitida a súa participación.

Esta documentación ten que ser entregada ao Delegado Federativo na reunión inicial.

Nas Competicións Territoriais que se celebren polo sistema concentración, os equipos poderán inscribir na Acta de Partido de cada encontro ata 16 xogadores/as.

### **N) COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS**

No caso que exista un grupo de rapaces ou rapazas que, polas circunstancias que sexa, non poidan completar un equipo da categoría que pola súa idade lle corresponda, poderan participar co equipo de categoría inmediatamente superior do seu Club.

Ditos xogadores/as, **ata un máximo de seis** (6), deberán tramitar licenza para a categoría que lles corresponda pola súa idade e solicitar autorización a F.G.BM. para ser aliñados en un equipo de categoría superior, previa presentación da autorización dos pais ou titores para poder xogar en categoría superior á que por idade lle corresponde..

Para a tramitación destas licenzas débense seguir os trámites que aparecen reflectidos nos puntos anteriores para a aliñación de xogadores en categoría superior á que pola súa idade lle corresponde.

### **O) OBSERVACIÓNS**

Para que os xogadores/as poidan inscribirse válidamente en Acta de Partido e participar en encontros de categoría diferente á da súa licenza, deberán presentar aos árbitros do mesmo a súa correspondente licenza e a autorización expresa emitida pola F.G.BM., sen cuxo requisito non se permitirá a súa aliñación.

Nas categorías nas que se pode completar os equipos con xogadores/as da categoría inmediatamente inferior, o número de xogadores que poden ser aliñados en cada encontro virá determinado polo número de licenzas que teña tramitadas polo equipo de categoría superior:

<b>LICENZAS TRAMITADAS</b>	<b>XOGADORES DE CATEGORÍA INFERIOR QUE PODEN SER ALIÑADOS</b>
Dezaioito (18)	Cero (0)
Dezasete (17)	Un (1)
Dezaseis (16)	Dous (2)
Quince (15)	Tres (3)
Catorce (14)	Catro (4)
Trece (13)	Cinco (5)
Doce (12)	Seis (6)

Os xogadores autorizados para participar en categoría superior a la que pola súa idade lles corresponden poden ser aliñados na mesma xornada e data na súa categoría e cun único equipo de categoría superior do mesmo Club.

Os clubs que teñan dous ou máis equipos dunha categoría (xuvenil, cadete e infantil), poderán completar os equipos de División de Honra con xogadores/xogadoras de 2ª división.

Os clubs que clasifiquen un equipo para o Campionato de España, poderán completar este con xogadores/xogadoras da mesma categoría pertencentes ao mesmo club, pero doutros equipos.



Os clubs que clasifiquen un equipo de categoría alevín ou benxamín para o Campionato Galego poderán completar este equipo con xogadores/xogadoras da mesma categoría pertencentes ao mesmo club, pero doutros equipos. Estes xogadores/xogadoras deberán ser nomeados, mediante escrito dirixido ao Comité Territorial de Actividades, antes de ser aliñados, no devandito escrito deberá constar nome, dous apelidos, data de nacemento e número de licenza.

#### **P) DATA LÍMITE DE TRAMITACIÓN DE LICENZAS**

Para os Campionatos Territoriais establécense as seguintes datas límites para a tramitación de licenzas:

CAMPIONATO TERRITORIAL	DATA LÍMITE TRAMITACIÓN
1ª División Autonómica Masculina	17 de marzo de 2016
2ª División Autonómica Masculina	23 de marzo de 2016
Xuvenil Masculino	11 de marzo de 2016
Cadete Masculina	11 de marzo de 2016
Infantil Masculino	11 de marzo de 2016
1ª División Autonómica Feminina	3 de marzo de 2016
Xuvenil Feminina	3 de marzo de 2016
Cadete Feminina	18 de marzo de 2016
Infantil Feminina	18 de marzo de 2016
Alevín e Benxamín	20 de maio de 2016

### **ARTIGO 38 BAIXAS DE XOGADORES E OFICIAIS**

Para a tramitación de baixas de Xogadores e Oficiais pertencentes a equipos de Categoría Territorial, deberán presentarse na Federación Galega de Balonmán o impreso orixinal específico creado para este fin, debidamente cumprimentado, acompañado do corpo da ficha que no seu día lle foi dilixenciada. A Federación Galega de Balonmán remitirá toda a documentación ao Comité Territorial de Competición para ser estudada e a súa concesión ou rexeitamento definitivo.

### **ARTIGO 39 EXTRAVÍO DE LICENZAS**

En caso de extravío da licenza, poderase solicitar por escrito á Federación Galega de Balonmán un duplicado co mesmo número, debendo xustificar o motivo e aboar os correspondentes dereitos (15 € na tempada 2015/16).

### **ARTIGO 40 RECOÑECIMENTO MÉDICO**

- a) Todos os xogadores en activo, para poderlles dilixenciar a licenza correspondente, deberán efectuar unha revisión médica que lles certifique a condición de aptitude para a práctica deportiva.
- b) Esta certificación debe ser enviada á FGBM. e farase constar o número de colexiado que certifique a súa condición de APTO para a práctica do deporte. Igualmente debe figurar a firma e data do recoñecemento.

# **NORMATIVA DE ACTUACIÓN ARBITRAL**

## **ARTIGO 41 ARBITRAXES**

### **I. ENCONTROS ORGANIZADOS POLA F.G.BM.**

a) Os nomeamentos dos árbitros que han de dirixir os encontros oficiais e amigables de carácter territorial, designaraos o Comité Territorial de Árbitros. Para tal fin, publicárase o persoal oficial de entre os que se designará os encargados de dirixir cada encontro.

b) O Cronometrador e Anotador serán designados polo Comité Territorial de Árbitros

c) Os árbitros dos encontros teñen a OBRIGACIÓN INELUDIBLE de facer chegar a Acta dos partidos e o anexo a esta (no seu caso) á F.G.BM. canto antes e polo procedemento máis rápido, polo que deberán envialas por CORREO URXENTE nada máis finalizar o partido, ou entregala en man ao día seguinte hábil nos locais da Federación Galega.

d) Para o labor de divulgación dos medios de comunicación, os árbitros teñen a OBRIGACIÓN INELUDIBLE introducir o resultado na intranet e no caso de non poder facelo, comunicar por medio de mensaxe de texto ou por mensaxe de correo electrónico nada máis finalizar o encontro, á F.G.BM., o resultado do partido rematado, debendo utilizar: Correo Electrónico: cte.arbitros@fgbalonman.com

No caso de dirixir varios encontros nunha mesma xornada deportiva deberán realizar a comunicación á finalización do último encontro. No caso de variación do sistema de comunicación dos resultados, anunciarase polo Comité Territorial de Árbitros.

e) Nas COMPETICIÓNs que se celebren polo sistema de Concentración (tipo Sector), as obrigacións expresadas nos apartados “c” e “d” serán competencia do Delegado Federativo nomeado ao efecto.

f) Cando os Árbitros dun encontro non remitan a Acta do mesmo, en tempo e forma ou non comuniquen telefonicamente o resultado do partido como é preceptivo, informarase ao Comité Territorial de Competición para que proceda de acordo co Regulamento de Partidos e Competicións.

### **II. ENCONTROS ORGANIZADOS POLAS DELEGACIÓNS**

a) Os nomeamentos dos árbitros que deban dirixir os encontros realizaraos o Comité de Árbitros. Calquera modificación na designación dunha xornada deberá ser notificada por escrito á Delegación que corresponda nun prazo de 24 horas logo de devandita xornada.

b) Os árbitros dos encontros teñen a OBRIGACIÓN INELUDIBLE de facer chegar a Acta dos encontros á Delegación correspondente, canto antes e polo procedemento máis rápido, polo que deberán envialos por Correo Urxente nada máis finalizar os encontros ou entregalas en man nos locais da Delegación ao día seguinte da celebración do encontro.

c) Para a divulgación de Prensa e Radio, os árbitros teñen a OBRIGACIÓN INELUDIBLE de introducir o resultado na intranet e no caso de non poder facelo, comunicar, nada máis acabado o encontro, por medio de mensaxe de texto ou de correo electrónico á súa Delegación, o resultado dos partidos que haxan dirixido. Se se dirixen varios encontros nunha mesma xornada deportiva deberán comunicar os resultados ao finalizar o último encontro dirixido.

d) Cando os árbitros dun encontro non envíen a Acta do mesmo ou non comuniquen o resultado en tempo e forma, a Delegación informará, por escrito, ao Comité de Competición para que proceda de acordo co Regulamento de Partidos e Competicións.

e) Cada Delegación deberá comunicar por escrito aos seus árbitros os teléfonos, as direccións de correo electrónico e os horarios para realizar tales comunicacións.

### **III. SEGURO DEPORTIVO**

Todos os árbitros en activo deberán estar afiliados ao Seguro Deportivo Obrigatorio para o

exercicio da súa actividade.

## ENCUNTROS

### ARTIGO 42 TARIFAS ARBITRAIS TEMPADA 2015/2016

CATEGORÍA	DOBRE	SINXELO
1ª División Autonómica Masculina	67 Euros /árbitro	90 Euros
1ª División Autonómica Feminina	34 Euros /árbitro	50 Euros
2ª División Autonómica Masculina	54 Euros / árbitro	39 Euros
3ª División Autonómica Masculina	48 Euros /árbitro	30 Euros
Xuvenil Masculina	19,50 Euros /árbitro	24 Euros
Xuvenil Feminina	17 Euros /árbitro	20 Euros
Deporte Base	10 Euros /árbitro	11 Euros

### TARIFAS ANOTADOR/CRONOMETRADOR TEMPADA 2015/2016

CATEGORÍA	DOBRE	SINXELO
2ª División Autonómica Masculina	12 Euros	8 Euros
3ª División Autonómica Masculina	12 Euros	8 Euros
Xuvenil	12 Euros	8 Euros
Cadete	12 Euros	8 Euros

En todos aqueles encontros para os que non se teña establecido como fórmula económica un fondo arbitral a desembolsar mediante talón bancario a nome do Comité Territorial de Árbitros, os clubs locatarios estarán obrigados a satisfacer directamente aos árbitros do encontro en efectivo (moeda ou billete) o importe íntegro dos recibos dos gastos que presenten conforme ás tarifas vixentes, non sendo admisible o abono mediante talón ou pagaré. De non facelo deste xeito, procederase coma se o recibo non fose aboado.

#### FONDO ARBITRAL:

Nas Competicións de 1ª División Autonómica Masculina e Feminina; 2ª División Autonómica Masculina; 3ª División Autonómica Masculina e nas Competicións da Categoría Xuvenil Masculina e Feminina establécese un FONDO ARBITRAL. O Club local ou organizador

entregará aos árbitros cheque a nome do Comité Territorial de Árbitros, quen o remitirán co Acta de Partido á F.G.BM.:

CATEGORÍA	FONDO ARBITRAL
1ª División Autonómica Masculina	Douscentos doce (212,00) euros
1ª División Autonómica Feminina	Noventa e un (91,00) euros
2ª División Autonómica Masculina	Cento trinta (130,00) euros
3ª División Autonómica Masculina	Cento trece (113,00) euros
División de Honra Xuvenil Masculino	Noventa e un (91,00) euros
Xuvenil Feminino	Sesenta (60,00) euros
2ª División Xuvenil Masculina	Oitenta e un (81,00) euros

## DEREITOS ANOTADOR/CRONOMETRADOR

CATEGORÍAS	TAREFAS	TOTAL
División de Honra Masculina.	2x 42 euros	84 euros
División de Honra Prata Masculina.	2x 34 euros	68 euros
División de Honra Feminina.	2x 34 euros	68 euros
División de Honra Prata Feminina.	2X34 euros	68 euros
Primeira División Estatal Masculina.	2x27 euros	54 euros
Primeira División Estatal Feminina.	2x17 euros	34 euros
2ª División Masc. (Fase Estatal)	2x 17 euros	34 euros
1ª División Autonómica Masc.e Fem.	2x17 euros	34 euros

## DESPRAZAMENTO OU VIAXES DOS ÁRBITROS

As viaxes aboaranse a 0,22 Euros/Km., calculado por estrada e distancia máis curta.

Se o desprazamento dunha parella arbitral corresponde a dous colexiados de distinta localidade, o importe da viaxe a aboar a cada un deles, será o correspondente a razón de 0,22 Euros/Km., ata un punto converxente de ambos.

Serán aboados os gastos de peaxes derivadas dos desprazamentos por autoestrada en todos os encontros correspondentes a todas as Competicións organizadas pola Federación Galega de Balonmán e as súas Delegacións.

## ARTIGO 43

### CADRO DE TARIFAS, TAXAS E COTAS DEREITOS DE PARTICIPACIÓN

a) Para a tempada 2015/2016 establécense as seguintes contías económicas en concepto de dereitos de participación:

Primeira División Autonómica Masculina	538,00 euros
Primeira División Autonómica Feminina	336,00 euros
Segunda División Autonómica Masculina	336,00 euros
Terceira División Autonómica Masculina	250,00 euros

Xuvenil	112,00 euros
Resto de Categorías	Gratuitas

**b) Forma de Pago:**

O pago dos Dereitos de Participación realizarase nos dez primeiros días do mes de Decembro de 2015, mediante un ingreso na conta de ABANCA ES14 2080 5140 95 3040024005.

**SEGURO DEPORTIVO**

División de Honra Masculina	204 €
División de Honra Feminina	166 €
División Honra Prata Masculina	157 €
1ª Nacional Masculina	130 €
División Honra Prata Feminina	115 €
Senior	110 €
Xuvenil (Masculino. e Feminino)	65 €
Oficiais, árbitros	58 €
Parte médico	3 €

O pago do Seguro Deportivo Obrigatorio realizarase no intre da solicitude da súa tramitación, mediante un ingreso na conta de ABANCA ES14 2080 5140 95 3040024005.

**XESTIÓN ADMINISTRATIVA**

* Equipos Participantes en COMPETICIÓNs de ámbito Estatal (Asobal; División de Honra; 1ª División)	168,00 euros
* Expedición e tramitación de títulos e certificados	7,00 euros
* Tramitación de duplicado de licenza	15,00 euros

**ARTIGO 44**

**TERREOS DE XOGO**

a) Unicamente poderán celebrarse encontros oficiais de competicións de ámbito territorial en campos de Clubs Federados, ben sexan da súa propiedade ou cedidos, sempre que teñan sido autorizados pola Federación Galega de Balonmán, previo recoñecemento e comprobación das súas condicións técnicas e regulamentarias para o xogo.

b) A superficie dos terreos de xogo deberá ser regularmente plana e o pavimento de material compacto e uniforme.

c) Os terreos de xogo deberán estar marcados regulamentariamente ao empezar o encontro, de acordo co que establecen as Regras de Xogo.

Se durante o transcurso do encontro as liñas desaparecen ou non fosen suficientemente visibles, o Club organizador está obrigado a emendar estas deficiencias axiña que sexa requirido polos árbitros.

d) Todos os terreos de xogo deberán ter, como instalacións complementarias, vestiarios independentes para cada un dos equipos contendentes e o equipo arbitral, provistos de

lavabos, duchas e demais servizos sanitarios. O acceso ao terreo de xogo deberá ser directo e coas debidas garantías de seguridade para todos os participantes.

e) Nos Campionatos Territoriais o terreo de xogo deberá ser cuberto, de madeira, terrazo, sintasol, cemento, asfalto ou calquera material sintético similar, que sexa liso e non teña planos inclinados.

O Club organizador está obrigado a colocar unha cadeira no centro lateral do terreo de xogo para o Delegado de Campo. A cada lado do centro do terreo de xogo deben situarse bancos ou cadeiras para os oficiais e reservas e igualmente disporá de marcador para que en todo momento se poida reflectir o resultado do encontro.

En ningún caso será motivo de suspensión do encontro a carencia dalgún dos elementos citados no parágrafo anterior. O incumprimento da norma anterior será sancionada a primeira vez con Apercibimento e en veces sucesivas cunha multa de Seis (6) Euros.

f) Antes do comezo de cada tempada, todos os Clubs veñen obrigados a ter informada á F.G.BM. da situación, medidas e condicións dos terreos de xogo onde se comprometen a celebrar os encontros que lles corresponde organizar.

g) Cando por algún Club se considere como antirreglamentarias as medidas ou condicións dun terreo de xogo no que dispute os seus encontros outro Club, poderá formular denuncia ante a F.G.BM. Recibida a denuncia, a F.G.BM. tramitará o correspondente expediente, concedendo audiencia ao Club denunciado. A resolución do citado expediente deberá resolverse no prazo máximo de dez días.

h) Os Clubs teñen a obrigaón de procurar que os encontros que se celebren nos seus campos se desenvolvan con normalidade e no ambiente de corrección que debe imperar en toda manifestación deportiva, gardándose as consideracións de camaradería e hospitalidade antes, durante e despois do encontro. Así mesmo adquiren a obrigaón de manter debidamente acondicionado o terreo de xogo durante todo o encontro segundo a regulamentación vixente.

Os directivos, delegados, xogadores/as, auxiliares e acompañantes do equipo visitante están obrigados aos mesmos deberes de corrección e respecto para co público, federativos, deportistas e instalacións visitadas.

i) Os Clubs organizadores responderán dos servizos de orde no mesmo e que os vestiarios estean debidamente acondicionados e designarán para cada partido a un Delegado de Campo.

Os Clubs fanse responsables da conduta violenta e antideportiva do seu público e virán obrigados a adoptar, en todo momento, cantas medidas sexan necesarias para manter a orde e evitar as manifestacións antideportivas e de violencia do seu público.

j) Este Artigo complementase co establecido polo Regulamento de Partidos e Competicións da R.F.E.BM no seu Título VIII, Capítulos 1 e 2.

## **ARTIGO 45**

### **DELEGADO FEDERATIVO**

a) O Delegado Federativo poderá ser nomeado para os partidos, de oficio ou a solicitude de calquera dos Clubs contendentes. Cando o instaren os Clubs, a solicitude deberá ter entrada, por escrito, na F.G.BM. ou Delegación correspondente, para os encontros por elas organizados, dez (10) días antes da celebración do partido que se trate. Os gastos que se produzan para a asistencia ao encontro de devandito Delegado Federativo, serán por conta do Club solicitante.

Cando un Club organizador resultase sancionado por segunda vez no transcurso da tempada polo Comité Territorial de Competición ou polos Subcomités de Competición por incidentes moi graves (ameazas graves, agresións consumadas ou en grao de tentativa contra calquera dos participantes no xogo, equipo arbitral, espectadores visitantes, etc.) protagonizados por calquera dos seus membros (xogadores, oficiais, técnicos, directivos) ou polo seu público, o órgano competente procederá á designación dun Delegado Federativo

para todos os encontros que o devandito Club dispute como organizador (local) durante o tempo que reste para a finalización da tempada oficial. Se a segunda sanción tivese lugar unha vez que, segundo o calendario oficial da competición, lle restasen menos de dous partidos por organizar no seu terreo de xogo, a sanción prorrogarase aos dous primeiros encontros de competición oficial da tempada seguinte. Neste caso, esta obrigaón trasladarase ao Club que adquira os dereitos deportivos e/ou federativos do sancionado, no caso de que tal cesión se producise entre sociedades radicadas no mesmo termo municipal ou que designen como terreo de xogo o mesmo que empregara a sociedade sancionada.

Os gastos do Delegado Federativo correrán a cargo do Club organizador do encontro.

b) A solicitude de Delegado Federativo por parte de calquera Club deberá ir acompañada dun depósito de TRINTA (30) Euros, os cales lle serán deducidos do importe total que impliquen os gastos do Delegado. A diferenza dos gastos deberá ser aboada no prazo máximo de corenta e oito horas logo da celebración do encontro.

c) A designación do Delegado Federativo deberá ser acordada polo Comité de Competición coa debida antelación e a persoa designada recibirá o seu nomeamento por escrito, asinado polo Secretario do Comité.

d) Nas Competicións que se celebren polo sistema de concentración o Delegado Federativo será nomeado pola Federación Galega de Balonmán e os seus gastos correrán a cargo da entidade na que foi delegada a organización.

e) As funcións que lle corresponden ao Delegado Federativo aparecen recollidas nos ARTIGOS 161 e 162 do Regulamento de Partidos e Competicións da R.F.E.BM.

## **ARTIGO 46**

### **DURACIÓN DOS ENCONTROS**

<b>CATEGORÍA</b>	<b>PRIMEIRO TEMPO</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>SEGUNDO TEMPO</b>
Sénior, Xuvenil e Cadete	30´	10´	30´
Infantil, Veteranos	25´	10´	25´

<b>CATEGORÍA</b>	<b>1º PERÍODO</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>2º PERÍODO</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>3º PERÍODO</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>4º PERÍODO</b>
ALEVÍN BENXAMÍN	10´	2´	10´	2´	10´	2´	10´

Nas Categorías Alevín e Benxamín o cambio de campo producirase despois do segundo período.

## **ARTIGO 47**

### **CAMBIOS DE XOGADORES EN CATEGORÍA CADETE E INFANTIL**

Non se permitirán os cambios de xogadores/as, de xeito continuado, especialistas só en ataque-defensa.

Por iso modifícase o contido da regra 4.4. coa seguinte redacción:

“Durante o desenvolvemento do partido, os reservas soamente poderán entrar no terreo de xogo cando o seu equipo está en posesión do balón, sen avisar ao anotador cronometrador, e sempre que os xogadores aos que substitúan haxan abandonado o terreo de xogo (4.5)”.

#### **ACLARACIÓN:**

#### **DEBE ENTENDERSE QUE UN EQUIPO ESTA EN POSESIÓN DO BALÓN:**

**A)** Cando calquera xogador do equipo ten o balón.

**B)** Cando se vai a realizar un saque ou lanzamento ao seu favor.

Durante os time-out (tempos mortos de equipo), poden realizarse cambios por parte dos

dous equipos.

Cando se conseguiu gol debe entenderse que o equipo que marcou xa non se atopa en posesión do balón.

A sanción nestes casos, será de exclusión de dous minutos para o infractor.

Nos casos de forza maior, lesión, etc., e previa parada de tempo de xogo (time-out), por parte dos árbitros, e coa súa autorización, o equipo que non está en posesión do balón, poderá realizar cambios.

**NOTA:** Cando un equipo sancionado cun lanzamento de 7 metros en contra, desexa cambiar ao porteiro/a, este cambio debe ser autorizado.

Do mesmo xeito que un xogador pode lanzar todos os 7 metros dun equipo, un só porteiro pode intentar deter todos estes lanzamentos.

## **ARTIGO 48**

### **REGRAS DE XOGO- MODIFICACIÓNS REGULAMENTARIAS**

Todas as Competicións de carácter Territorial, excepto as das categorías Alevín e Benxamín, desenvolveranse de acordo coa Edición de Regras de Xogo da I.H.F., e a súa correspondente edición da R.F.E.BM. (2010).

En todas as categorías territoriais, excepto nas das categorías Alevín e Benxamín, cada equipo ten derito sa recibir tres (3) Time-Outs de Equipo durante o tempo de xogo regular, pero ningún durante as prórrogas. Non máis de dous Time-Outs de Equipo poden concederse a un equipo en cada periodo regular de xogo. Entre dous Time-Outs de equipo a un mesmo equipo, o equipo oponente debe estar alomenos unha vez en posesión do balón. Nos últimos cinco minutos do tempo de xogo regular, soamente se pode conceder un Time-Out de Equipo a cada equipo.

A Competición das categorías alevín e benxamín, a criterio de cada unha das Delegacións, poderá disputarse no formato de “Minibalonmán” ou “Balonmán a Sete”. Decidírase nas reunións de clubs das respectivas categorías. No caso de disputarse polo sistema de “Minibalonmán” a Delegación correspondente deberá enviar aos clubs e a Área de Competicións Territoriais as normas de xogo correspondentes e publicalas na páxina web da Federación Galega de Balonmán.

No caso de disputarse a Competición polo sistema de “Balonmán a Sete” desenvolveranse de acordo co establecido polo Título 3 deste NO.RE.BA. Galicia-.

As modificacións regulamentarias da **categoría Infantil** son as que a continuación se detallan e as que aparecen reflectidas no artigo anterior (cambios de xogadores):

#### **1. Prohíbense as Defensas Mixtas.**

Se os árbitros detectasen este tipo de defensa, deberán actuar da seguinte forma:

**Primeira vez:** Interrupción do tempo de xogo e aviso ao adestrador ou responsable do equipo defensor de que está realizando unha defensa non permitida. O xogo renovarase coa execución dun golpe franco, a favor do equipo non infractor, dende o lugar onde se atopaba o balón no momento da interrupción do xogo e do tempo de xogo.

**Sucesivas veces:** Lanzamento de sete metros a favor do equipo que sofre a defensa non permitida. Independentemente do resultado do lanzamento de 7 metros, gol ou non gol, o xogo renovarase con saque de banda dende a intersección da liña de banda e a liña central, no lado onde se atopa colocada a mesa do anotador-cronometrador ou a zona de cambios, a favor do equipo que executa o lanzamento de 7 metros é dicir, o equipo non infractor disporá dun lanzamento de 7 metros e nova posesión de balón.

Para todos os efectos, o lanzamento de sete metros terá a mesma consideración que se se



tratase dun lanzamento de final do primeiro ou segundo tempo (co tempo de xogo finalizado), polo que non existirá rexeite ou continuidade.

## **2. Comportamento co contrario**

Non se permitirá a xogadores/as e oficiais insultar, protestar ou realizar xestos de desprezo a compañeiros, contrarios, público e árbitros. A sanción que se imporá, independentemente da disciplinaria que corresponda, será:

**Lanzamento de sete metros en contra e golpe franco a favor do equipo contrario**, que se efectuará dende o centro do terreo de xogo.

**NOTA:** Toda sanción disciplinaria decretada aos oficiais debe ser sancionada como se indica anteriormente. Esta Norma sobre o comportamento co contrario **soamente é de aplicación nas Competicións de ámbito galego.**

## **ARTIGO 49**

### **BALÓN DE XOGO**

O balón oficial para toda as competicións organizadas pola Federación Galega de Balonmán e as súas Delegacións en toda as categorías será o da marca **“Select”**.

Os balóns deberán ter as medidas e pesos que a continuación se detallan:

<b>CATEGORÍAS</b>	<b>MEDIDAS</b>	<b>PESO</b>
Absolutas Masculina e Xuvenil Masculina	De 58 a 60 cm. (de circunferencia)	De 425 a 475 gramos
Absolutas Femininas e Xuvenil Feminina e Cadete Masculina	De 54 a 56 cm.	De 325 a 400 gramos
Cadete Fem. e Infantil, Alevín e Benxamín (Masc. e Fem.)	De 50 a 52 cm.	Máximo 315 gramos
Minibalonmán (menores de 8 anos)	48 cm.	Máximo 290 gramos

Os árbitros autorizarán a celebración dun encontro oficial sempre e cando o equipo que xogue no seu campo presente balóns, de conformidade co preceptuado anteriormente.

A requirimento do capitán do equipo visitante, os árbitros efectuarán a comprobación na súa presenza.

No caso de non poder celebrarse o encontro por falta de balóns regulamentarios, considerarase ao club organizador como incomparecido, segundo o disposto polos Regulamentos da Real Federación Española de Balonmán.

## **ARTIGO 50**

### **UNIFORMIDADE**

**a)** Os xogadores/as dun equipo, deberán actuar no terreo de xogo e durante todo o encontro, vestindo o mesmo uniforme coas cores distintivas do seu Club, debendo distinguirse claramente na cor e deseño dos do equipo contrario, e levando obrigatoriamente calzado deportivo. A cor dos xogadores/as que actúen de porteiros/as debe diferenciarse claramente da vestimenta dos dous equipos e do porteiro contrario.

Ademais, nas camisetas utilizadas para as intervencións de porteiro/xogador, todos os orificios que se requiran para a visión do número deberán ir tapados con material de plástico transparente.

**b)** Unha vez comezada a tempada, os Clubs non poderán cambiar as cores elixidas (titular e/ou reserva) comunicados na Folla de Datos Específicos, salvo petición expresa por escrito e a súa consecuente autorización oficial polo Comité de Competición, que entrará en vigor aos quince (15) días da súa concesión.

**c)** Non se permitirá a participación dos xogadores/as que non cumpran o indicado nos puntos anteriores, en encontros de competición oficial, mentres non emenden as

deficiencias observadas.

**d)** Non está permitido levar obxectos que poidan ser perigosos para os xogadores, como son: protectores da cabeza, máscaras faciais, brazaletes, reloxos, aneis, cadeas, pendentes, gafas sen bandas protectoras ou con montura sólida, “piercing visibles”, ou calquera obxecto que poida ser perigoso. Están permitidas as bandas de cabeza, sempre que estén feitas de material elástico e suave. Os xogadores que non cumplan con estas normas non poderán participar no xogo ata que corrixan o problema.

**e)** Cando se enfronten dous equipos cuxos uniformes sexan iguais ou parecidos, que puidesen dar lugar a confusión, cambiará o seu por outro distinto aquel equipo que xogue en campo alleo, e se o partido fose en campo neutral, deberá cambiálo, salvo acordo previo, o equipo que figure en segundo lugar no calendario oficial da competición.

Para tal eventualidade ambos os equipos deberán ir provistos de dúas indumentarias diferentes deportivas cada un.

No caso de que un dos equipos coincida coa cor da camiseta dos árbitros, serán estes os que deben cambiar a súa indumentaria.

**f)** Os/as capitáns de cada equipo poderán levar un brazaletes, que deben estar feitos dun material blando e elástico, duns 4 cm. de ancho, aproximadamente, na parte inferior dun dos seus brazos, debendo ser dunha cor que contraste co da camiseta.

**g)** Con referencia á numeración dos xogadores/as nos partidos, os números empregados serán de unha (1) ou dúas cifras, non sendo necesarios que sexan correlativos, nin en función do número de licenzas tramitadas.

Os números que figuren na camiseta dos xogadores/as deben ter unha cor que contraste clara e diferencialmente co das mesmas, e as súas dimensións e lugar de colocación, deberá someterse ás seguintes normas:

**1.- OBRIGATORIO EN CAMISETA:** 20 cm. de altura nas costas e 10 cm. de altura na parte dianteira. Ambos os números deberán colocarse esteticamente centrados.

**2.- OPCIONAL EN PANTALÓN:** 7 cm. de altura nun lateral dunha das perneiras do pantalón (curto para os xogadores/as e longo ou curto para os porteiros/as).

**h)** O incumprimento de calquera das normas do presente ARTIGO deberá ser reflectido polos árbitros no Acta de Partido e será sancionado o Club infractor polo Comité de Competición con APERCIBIMENTO a primeira vez e en sucesivas con multa de ata SESENTA (60) Euros.

**i)** No caso de que por coincidencia nas cores das camisetas dos equipos, o encontro non chegase a celebrarse, o equipo responsable de tal incidencia será sancionado coma se de INCOMPARECENCIA tratase.

**j)** Na páxina da Federación Galega de Balonmán aparecerán publicados os datos específicos dos equipos participantes, ditos datos son colgados polos clubs aos que pertencen.

## **ARTIGO 51**

### **DATOS ESPECÍFICOS DOS CLUBS**

#### **A) EQUIPOS QUE PARTICIPEN EN COMPETICIÓN ORGANIZADAS POLA F.G.BM.**

Con trinta días de antelación, como mínimo ao comezo do Campionato, todos os Clubs participantes están obrigados a comunicar os datos específicos do mesmo no impreso que para este fin se creou envialo debidamente cumprimentado á F.G.BM. (Área de Competicións Territoriais).

Neste impreso será obrigatorio incluír un número de teléfono, e un correo electrónico oficiais aos cales dirixirse para comunicados. No caso de non posuír un correo electrónico será obrigatorio un fax ou unha dirección de burofax.

## **B) EQUIPOS QUE PARTICIPEN EN COMPETICIÓN ORGANIZADAS POLAS DELEGACIONES**

Con quince días de antelación, como mínimo, ao comezo de cada Competición, todos os equipos participantes están obrigados a comunicar os datos específicos do mesmo e remitilo debidamente cumprimentado á Delegación correspondente.

Neste impreso será obrigatorio incluír un número de teléfono, e un correo electrónico oficiais aos cales dirixirse para comunicados. No caso de non posuír un correo electrónico será obrigatorio un fax ou unha dirección de burofax.

**NOTA:** Estes datos manteranse en vigor durante toda a tempada oficial, de non ser modificados por acordo do Comité de Competición, previa comunicación escrita, con quince (15) días de antelación á súa entrada en vigor.

## **ARTIGO 52 COMITÉ DE COMPETICIÓN, RECURSOS E RECLAMACIONES**

**a)** O Comité Territorial de Competición da F.G.BM. controlará para todos os efectos as Competicións a nivel territorial de todas as categorías.

**b)** Os Subcomités de Competición terán a súa sede na Delegación correspondente e serán os encargados de dirimir os asuntos das Competicións por elas organizadas.

**c)** O Comité Territorial de Competición e os Subcomités de Competición poderán notificar as súas resolucións por correo electrónico, correo postal, no domicilio que conste na folla de inscrición do Club, ou por medio de fax.

Este mesmo medio poderá ser utilizado polo Comité Territorial de Apelación.

**d)** A Federación Galega de Balonmán e as súas Delegacións publicarán nos taboleiros de anuncios das mesmas e na páxina web da Federación, os venres de cada semana, unha copia do acta da reunión semanal do Comité de Competición.

**e)** Cando un Club o considere procedente poderá elevar un informe dirixido ao Comité de Competición sobre os incidentes que se produciron nun encontro, dentro das corenta e oito horas dende a finalización da xornada correspondente, non sendo hábil o domingo se coincide con devandito prazo. O Club entregará o citado informe á entidade organizadora do encontro e esta deberá dar traslado polo procedemento de urxencia ao Comité de Competición correspondente.

**f)** Contra os fallos dos Comités de Competición poderá presentarse recurso de alzada ante o Comité Territorial de Apelación, tramitándose o mesmo a través da Federación Galega de Balonmán e cumprindo o establecido nos Artigos 109 e seguintes do Regulamento de Réxime Disciplinario. Ao presentar o recurso deberá efectuar un depósito de TRINTA (30) Euros, o cal lle será reintegrado no caso de asistirlle a razón.

**g)** O Comité Territorial de Apelación da Federación Galega de Balonmán dirimirá os contenciosos que se deriven dos acordos adoptados polos Subcomités de Competición. Os recorrentes deben aterse ao exposto no apartado f) deste Artigo.

**h)** As resolucións ditadas polo Comité Territorial de Apelación, nos asuntos da súa competencia, esgotarán o trámite federativo, e contra as mesmas pódese interpor recurso ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva, no prazo de quince (15) días hábiles, a contar dende a súa notificación.

## **ARTIGO 53 CONSIDERACIONES COMPLEMENTARIAS**

### **A) EQUIPO DE CATEGORÍA BASE ADSCRITO AO CLUB**

Todos os equipos participantes en Competicións Territoriais Senior Masculinas e Seniors Femininas teñen a obrigaón ineludible de ter, como mínimo, un equipo federado de Categoría Infantil, Cadete ou Xuvenil participando durante toda a tempada en **Competicións Oficiais** organizadas pola Federación Galega de Balonmán e de acordo coa normativa e regulamentos vixentes.

En calquera caso, deberán ser da mesma condición, é dicir, masculina para os senior masculinos, e femininos para os seniors femininos.

Aos efectos anteriores non se contabilizarán os equipos pertencentes aos clubs filiais.

O **incumprimento da presente norma** suporá a perda do dereito a participar en aquelas competicións ás que se accede mediante clasificación, dacordo cos seguintes criterios:

- Nas competicións que se disputen nun grupo único e única Fase, non poderán acceder a Fase Estatal, nin ascender, nin disputar a promoción de ascenso.

- Nas competicións que se disputen en varias Fases, non terán dereito a participar na Segunda Fase no Grupo polo Título, xogando no Grupo pola Permanencia.

## **B) DIFUSIÓN DE RESULTADOS**

Na páxina web da Federación Galega de Balonmán estarán todos os resultados habidos na xornada que en cada caso corresponda dos encontros de Categoría Territorial

## **C) RESPONSABILIDADE DOS CLUBS ORGANIZADORES**

Os Clubs cando sexan organizadores dun encontro (locais) serán administrativamente responsables dos danos e das desordes que se poidan producir pola a súa falta de dilixencia ou prevención ou cando non adoptasen as medidas de prevención establecidas polo Título IX da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG do 13 de abril).

Esta responsabilidade é independente daquela na que poidan incurrir no ámbito penal como consecuencia do seu comportamento na competición.

## **D) FORMA DE XOGO**

As Competicións de carácter Territorial poderán desenvolverse dos seguintes xeitos:

**a)** Polo sistema de liga a unha ou varias voltas, nun ou varios grupos.

**b)** Polo sistema de eliminatoria a un ou máis encontros.

**c)** Cada Competición celebrarase de acordo coa fórmula que se indique nas Bases específicas de cada unha delas.

A Federación Galega ou as Delegacións poderán denominar aos Torneos do xeito que estimen máis conveniente.

## **E) SELECCIÓNS TERRITORIAIS**

Todos os equipos participantes nas Competicións Territoriais teñen a obrigaón de ceder aos seus xogadores e técnicos para todas as actividades das Seleccións Galegas, que dispoña a Dirección Técnica desta Federación Territorial. Esta mesma normativa será de aplicación para todas as actividades das diferentes Seleccións Provinciais. O incumprimento desta Norma será motivo de sanción para o Club con arranxo á lexislación vixente.

## **F) PROHIBICIÓNS NA CATEGORÍA BASE**

Queda prohibido utilizar sustancias adhesivas ou pegamentos que faciliten a adhesión do balón ás mans de forma artificial nas categorías Cadete, Infantil, Alevín e Benxamín, tanto masculina como feminina. Autorizándose no resto de categorías.

## **G) ACCESO GRATUÍTO AOS ENCONTROS**

Todos os xogadores con licenza en vigor, ata a categoría xuvenil, terán acceso gratuíto a todos aqueles encontros que se celebren dentro da comunidade autónoma de Galicia e sexan organizados pola FGBM., sen prexuízo de que se poidan acoller tamén todos os

Clubs galegos que están encadrados en categorías estatais. Para iso os xogadores deberán acreditarse con fotocopia da súa licenza compulsada pola FGBM.

## **H) SUBVENCÍONS**

Aos Clubs que o TRINTA (30) de XUÑO non teñan satisfeito as débedas polos seus compromisos federativos (sancións do Comité de Competición, etc.), estas poderán ser deducidas das posibles subvencións ou axudas económicas canalizadas a través da Federación Galega de Balonmán.

En todo caso, será de aplicación o Art. 53 do Regulamento de Réxime Disciplinario.

## **ARTIGO 54 FÓRMULA ECONÓMICA**

Serán por conta dos equipos todos os gastos de desprazamento, estancias, arbitaxes e en xeral todos os de organización dos encontros correspondentes ás Competicións Territoriais

## **ARTIGO 55 OUTRAS DISPOSICIÓNS**

O Comité Territorial de Actividades ditará todos os anexos ou complementos ás presentes Normas que se consideren necesarias para a mellor organización das diferentes Competicións.

Os casos non previstos nestas Normas rexeranse polos Regulamentos de Partidos e Competicións e Réxime Disciplinario da Real Federación Española de Balonmán.

## **ARTIGO 56 DISPOSICIÓNS DEROGATORIAS**

Quedan derogadas e sen valor algún todas as disposicións regulamentarias, circulares e bases de competición que se opoñan no establecido no NO.RE.BA. Galicia - Tempada 2015/2016.

### **TÍTULO 3 DEPORTE BASE (ALEVÍN E BENXAMÍN)**

#### **1. ADAPTACIÓNS REGULAMENTARIAS** .....

- 1.1 Duración do encontro**
- 1.2 Xogadores e oficiais inscritos en acta**
- 1.3 Cambio de Xogadores**
- 1.4 Inicio do período ou encontro**
- 1.5 Golpe franco**
- 1.6 Lanzamento de Sete Metros**
- 1.7 Tempo de Exclusión**
- 1.8 Defensa**
- 1.9 Comportamento co contrario**
- 1.10 Resultado do Encontro**
- 1.11 Time-out de Equipo**

#### **2. NORMAS XERAIS COMPETICIÓNS** .....

- 2.1 Normativa e criterios de Clasificación**
- 2.2 Incomparecencias dos Equipos**
- 2.3 Número de Xogadores**

#### **3. CELEBRACIÓN DUN ENCONTRO** .....

## **1. ADAPTACIÓNS REGULAMENTARIAS**

As Adaptacións Regulamentarias son unhas modificacións ás Regras de Xogo vixentes aprobadas pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Balonmán para as categorías Alevín e Benxamín, sempre e cando a Competición se dispute polo sistema de “Balonmán a Sete”. As Regras non modificadas son as actualmente vixentes nas citadas Regras de Xogo.

### **1.1. Duración do encontro**

Na Categoría Alevín e/ou Benxamín: catro (4) períodos de dez (10) minutos cada un, con dous minutos de descanso entre os períodos 1º-2º e 3º-4º, e seis (6) minutos de descanso entre os períodos 2º e 3º.

O cambio de campo e bancos realizarase entre o segundo e terceiro período.

### **1.2. Xogadores e oficiais inscritos en acta**

Poderán ser inscritos en Acta de Partido ata un máximo de dezoito (18) xogadores e catro (4) oficiais.

A relación de xogadores que participen en cada período pode presentarse totalmente cuberta, no impreso creado a tal fin, ao principio do partido, ou ben, se o responsable do equipo así o considera oportuno, ao comezo de cada período cos xogadores que van participar no mesmo.

### **1.3. Cambio de xogadores**

Soamente se poderán realizar cambios de xogadores ao comezo de cada período, excepto en caso de lesión e previa parada do tempo de xogo (time-out), por parte dos árbitros e coa autorización dos mesmos.

Todos os xogadores inscritos en Acta de Partido deberán xogar, como mínimo, un (1) período de partido. Os árbitros serán os responsables de facer cumprir esta normativa.

Calquera xogador pode participar no xogo durante todos os períodos.

Calquera xogador pode actuar de porteiro, unicamente debe cambiar a súa indumentaria, o número de períodos que se queira.

### **1.4. Inicio do período ou encontro**

Realizarase mediante un “salto entre dous” no centro do terreo de xogo.

O xogador encargado de disputar o balón ao comezo de cada período deberá ser distinto en cada un dos períodos.

A designación do campo efectuarase mediante sorteo.

### **1.5. Golpe franco**

Permítese que calquera xogador atacante poida estar entre a liña de golpe franco e a área de portería do equipo contrario.

### **1.6. Lanzamento de sete metros**

Executarao o xogador que foi obxecto da falta.

### **1.7. Tempo de exclusión**

O tempo de exclusión será de un minuto.

A terceira exclusión dun xogador levará consigo a descualificación do mesmo e o seu equipo incorporará un novo xogador logo de un (1) minuto.

Se o tempo de exclusión dun xogador non terminou ao finalizar algún período, deberá cumprirse o tempo restante ao comezo do seguinte período. Esta mesma norma é de aplicación á prórroga.

### **1.8. Defensa**

**NON SE PERMITE** a Defensa Mixta (marcar individualmente a un xogador do equipo contrario, non permitíndolle participar no xogo de ataque). O quebrantamento desta norma será sancionado con Lanzamento de Sete Metros que executará o xogador que foi obstaculizado ou prexudicado.

**É DE OBRIGADO CUMPRIMENTO** por parte dos equipos realizar defensas individualizadas (3:3), nunca defensas pechadas (6:0:5:1).

### **1.9. Comportamento co contrario**

Non se permitirá a xogadores e oficiais insultar, protestar ou realizar xestos de desprezo a compañeiros, contrarios, público e árbitros. A sanción que se imporá, independentemente da disciplinaria que corresponda, será:

Lanzamento de sete metros en contra e golpe franco a favor do equipo contrario, que se efectuará dende o centro do terreo de xogo.

**NOTA:** Toda sanción disciplinaria decretada aos oficiais debe ser sancionada como se indica anteriormente.

### **1.10. Resultado do encontro**

En ambas as categorías cada período gañado corresponderanlle dous (2) puntos.

En caso de empate nun dos períodos corresponderíalles un (1) punto para cada equipo.

Período perdido: cero (0) puntos.

Os puntos obtidos ao final de cada encontro, son acumulables para a clasificación xeral.

### **1.11. Time - out de Equipo**

Cada equipo ten dereito a un time - out de equipo en cada tempo de partido (Aclaración Nº 3 das Regras de Xogo).

A este efecto considerarase primeiro tempo os períodos primeiro e segundo e segundo tempo os períodos terceiro e cuarto.

## **2. NORMAS XERAIS COMPETICIÓNS**

### **2.1 Normativa e criterios de clasificación**

A clasificación establecerase de acordo co maior número de puntos obtidos por cada equipo.

No caso de empate entre dous ou máis equipos, os criterios de clasificación serán os seguintes:



### **2.1.1. Sistema de Liga a dobre volta**

#### **a. Entre dous equipos:**

**a.1.** Maior número de puntos, segundo o resultado dos partidos xogados por ambos os equipos entre eles exclusivamente.

**a.2.** No caso de que persistise o empate, celebrarase un encontro de desempate en campo neutral coa prórroga regulamentaria e, se fose necesario, coa resolución determinada polo punto 2.1.3 das presentes normas.

#### **b. Entre máis de dous equipos:**

**b.1.** Puntos resultantes nunha clasificación particular entre os equipos empatados.

**b.2.** No caso de que persistise o empate, celebrarase unha liguiña a unha soa volta, en campo neutral, entre os equipos empatados. En ningún dos encontros desta liguiña ao final do encontro poderá darse o resultado de empate a puntos. Os enfrontamentos desta liguiña serán determinados por sorteo.

### **2.1.2. Sistema de Liga a unha soa volta**

#### **a. Entre dous equipos:**

**a.1.** Maior número de puntos, segundo o resultado do partido xogado por ambos os equipos.

**a.2.** Maior diferenza de goles no partido xogado entre ambos os equipos.

**a.3.** Maior diferenza de goles coa intervención de todos os equipos que participan na competición.

**a.4.** Maior número de goles marcados intervindo todos os equipos que participen na competición.

#### **b. Entre máis de dous equipos:**

**b.1.** Maior número de puntos, segundo o resultado dos partidos xogados entre os equipos empatados.

**b.2.** Maior diferenza de goles nos partidos xogados entre os equipos empatados.

**b.3.** Maior diferenza de goles coa intervención de todos os equipos que participen na competición.

**b.4.** Maior número de goles marcados intervindo todos os equipos que participen na competición.

### **2.1.3. Sistema de eliminatoria a partido único**

Caso de terminar o partido en empate a puntos, procederase, logo dun descanso de cinco (5) minutos e sorteo de campo, a xogar unha prórroga dun único tempo de cinco (5) minutos.

Nesta prórroga poden ser aliñados sete xogadores dos inscritos na Acta de Partido e durante a mesma non se poderán realizar cambios.

De persistir o empate, procederase a unha continuación da mesma prórroga, cos mesmos xogadores ata que un dos equipos marque un gol, momento no que se dará por finalizado o encontro.

### **2.1.4. Sistema de eliminatoria a dobre partido**

No caso de empate a puntos ao finalizar a eliminatoria atenderase ao reflectido no punto 2.1.3. das presentes normas.

### **2.1.5. En caso de sanción**

Aos efectos de desempate, cando a un dos equipos empatados a puntos se lle impuxése sanción federativa por aliñación indebida, incomparecencia, retirada do terreo de xogo ou por presentarse a disputar algún encontro cun número de xogadores inferior ao mínimo establecido, unha soa destas circunstancias resolverá o empate a favor do outro.

## **2.2 Incomparecencias e retirada dos equipos**

Para poder comezar validamente un encontro, cada un dos equipos deberá ter no campo o mínimo de xogadores que marcan as Regras de Xogo vixentes.

Cando un equipo se presente cun número de xogadores inferior ao mínimo establecido, perderá o encontro por incomparecencia.

Salvo causa de forza maior, que apreciará o Comité de Competición correspondente, os equipos que non comparezan a un encontro oficial, perderán o mesmo polo resultado de oito (8) puntos a cero (0) e descontaráselle oito (8) puntos da súa puntuación xeral, de tratarse de Competicións polo sistema de liga.

Se se trata dunha competición por eliminatorias, considerarase perdida a fase que se trata para o equipo incomparecido.

Igualmente se imporán as sancións previstas nos Regulamentos de Partidos e Competicións e Réxime Disciplinario.

No caso de retirada dun equipo se atenderá ao desposto polo Regulamento de Partidos e Competicións.

## **2.3 Número de xogadores**

O número mínimo de xogadores inscritos en Acta de Partido e con presenza física no mesmo establécese en dez (10).

No caso de que un equipo se presente a disputar un encontro oficial cun número inferior de xogadores, o mesmo disputarase na súa totalidade e contabilizaranse os puntos logrados por un e outro equipo.

O equipo infractor desta Norma será sancionado do seguinte xeito:

**2.3.1** Nas COMPETICIÓNS que se celebren polo sistema de eliminatorias, ao equipo que se presente con menos de dez (10) xogadores, descontaráselle catro (4) puntos do total da eliminatoria.

**2.3.2** Nas COMPETICIÓNS que se celebren polo Sistema de Liga, o equipo que se presente cun menor número de xogadores que o indicado anteriormente será sancionado do seguinte xeito:

- Primeira vez: descontaráselle 2 puntos da clasificación xeral.
- Segunda vez: descontaráselle 4 puntos da clasificación xeral.
- Terceira vez: descontaráselle 6 puntos da clasificación xeral.
- Cuarta vez e seguintes: descontaráselle 8 puntos da clasificación xeral.

## **3. CELEBRACIÓN DUN ENCONTRO**

Unha vez presentados os dous equipos na instalación deportiva e no caso de non facer acto de presenza ÁRBITRO OFICIAL para a celebración do encontro, este celebrarase sendo dirixido por persoa designada polo club locatario, dentro dunha terna presentada antes do inicio da Competición á Delegación correspondente.

En todo caso o Acta de Partido deberá ser entregada na Delegación á que corresponda devandito encontro no prazo de SETENTA E DÚAS HORAS se o encontro se celebre en xornada de sábado e de CORENTA E OITO HORAS se o mesmo se disputa en xornada de domingo.

Caso de que na data da reunión semanal do Comité de Competición non se haxa recibido a devandita Acta de Partido, darase por perdido o mesmo ao equipo locatario co resultado de Cero a Oito puntos nas categorías alevín e benxamíns.

